Sobre as actuacións realizadas polo Goberno galego respecto da sobreexplotación hidroeléctrica nos encoros

- 20145 (11/POP-003061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a interrupción do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no concello da Merca

- 20146 (11/POP-003062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a actual planta xudicial galega, nomeadamente en materia de violencia sobre a muller

- 20147 (11/POP-003063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os recursos de que dispón o Servizo de Inspección de Servizos Sociais para cumprir eficazmente os fins legalmente conferidos



- 20148 (11/POP-003064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia

- 20149 (11/POP-003065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa elaboración e a aprobación inicial da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia

- 20150 (11/POP-003066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o adiamento das consultas e revisións na Unidade de Traumatoloxía de Ourense e as consecuencias dunha detección tardía do incremento na desviación da columna vertebral nunha menor

- 20153 (11/POP-003067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as xestións ou propostas realizadas polo Goberno galego para a ampliación da planta xudicial de Ourense co fin de diminuír a taxa de conxestión e os prazos de resolución dos procedementos en materia de familia

- 20154 (11/POP-003068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de dotar dun réxime de garda de vinte e catro horas os xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e Vigo

- 20155 (11/POP-003069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a existencia de incumprimentos en materia de ratio de persoal, de atención directa ou de aplicación de medidas de suxeición nas residencias de maiores Nosa Señora da Esperanza, no concello de Ourense, Os Gozos, no concello do Pereiro de Aguiar, e Nosa Señora do Viso, no concello de Lobeira

- 20156 (11/POP-003070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do sistema utilizado para a realización das citacións para as probas de detección de positivos asintomáticos en covid-19 na cidade de Ourense

- 20157 (11/POP-003071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os sobrecostos rexistrados nas obras de rehabilitación do complexo do antigo Hospital Xeral de Vigo para a súa conversión en cidade da xustiza

- 20162 (11/POP-003072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación de medidas para solucionar a falta de persoal das categorías de enfermaría e medicina de familia

- 20166 (11/POP-003073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o número de reunións do Pleno e a Permanente da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra

- 20167 (11/POP-003074)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura pediátrica no concello da Baña

- 20178 (11/POP-003075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dun protocolo covid-19 para os traballadores do mar

- 20049 (11/POP-003076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do pechamento da sucursal de Abanca no concello da Baña

- 20180 (11/POP-003077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non prevé un eventual aforro nos custos enerxéticos derivados do funcionamento dos edificios administrativos ou xudiciais de Galicia, despois dos investimentos realizados

- 20181 (11/POP-003078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a eventual falta de veracidade das manifestacións realizadas pola Xunta de Galicia en relación cos convenios cos colexios da avogacía para a prestación do servizo de mediación familiar intraxudicial para o ano 2020



- 20182 (11/POP-003079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para certificar a execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías, de Ourense, segundo o contrato adxudicado

- 20183 (11/POP-003080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as razóns da demora na aprobación dun plan director para o Macizo Central de Ourense

- 20184 (11/POP-003081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante o impacto da execución das obras de rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense no patrimonio cultural

- 20185 (11/POP-003082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da falta de persoal facultativo no Centro de Saúde de Carballo

- 20189 (11/POP-003083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza con determinados concellos galegos

- 20190 (11/POP-003084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do resultado acadado polas fusións dos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade

- 20299 (11/POP-003085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da adaptación da Lei de eficiencia organizativa do servizo público de xustiza á realidade de Galicia

- 20302 (11/POP-003086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre a xuntanza mantida o día 22 de marzo de 2021 polo presidente da Xunta de Galicia cos alcaldes da Baixa Limia para tratar o proxecto de acondicionamento da estrada autonómica OU-540, no treito Celanova-fronteira portuguesa

- 20303 (11/POP-003087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia en materia de comercialización para a pesca artesanal e o marisqueo

- 20304 (11/POP-003088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de recuperación específico para a pesca artesanal e o marisqueo

- 20305 (11/POP-003089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións ou xestións realizadas ou que está a realizar o Goberno galego en relación co posible impacto do proxecto de instalación dunha central hidroeléctrica reversible promovido por Naturgy nos aproveitamentos dos ríos Salas e Limia

- 20306 (11/POP-003090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a adaptación ao proxecto previamente autorizado pola Xunta de Galicia das obras executadas na Aira da Uxeira, en Loiro, no concello de Barbadás, para a rehabilitación e recuperación dos canstros centenarios existentes

- 20307 (11/POP-003091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a demora do Goberno galego na publicación no Portal da transparencia e Goberno aberto dos informes aos que se refire o artigo 19 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno

- 20308 (11/POP-003092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da modificación da demarcación e planta xudicial para dotar A Mariña oriental dun partido xudicial propio

- 20309 (11/POP-003093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento na actualidade das obrigas e dos obxectivos establecidos no Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

- 20310 (11/POP-003094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego na cidade de Ourense para paliar a inactividade e o pechamento de espazos de creación e exhibición artística e cultural derivados das decisións do Concello

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación da sanidade pública nos concellos de Tomiño e do Rosal.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do Rosal e Tomiño levan xa varios meses padecendo as políticas de desmantelamento da sanidade pública do Partido Popular. Ao longo dos últimos meses, ao igual que está a acontecer noutros concellos da comarca do Baixo Miño e do resto do país, a situación tornou límite.

Axendas dos médicos bloqueadas, tempos de agarda para unha consulta que van máis alá dos 28 días, un consultorio pechado, un centro de saúde no que non se cobren as ausencias dxs profesionais sanitarios e que tal e como estes denuncian, hai días no que no o centro queda sen ningún médico.

Na actualidade, o concello do Rosal conta con 3 médicos, todos eles con cupos ao redor dos 1500 tic's e que exceden, polo tanto, con moito as recomendacións dos organismos sanitarios.

No Rosal, o servizo de pediatría foi derivado ao Concello da Guarda e se ben o SERGAS insistiu en que esta medida tiña un carácter temporal vinculado á pandemia, a





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

realidade demostrou que a desaparición do servizo de pediatría tiña un carácter estrutural que deixa á veciñanza do Rosal sen servizo.

Do mesmo xeito, o consultorio de San Miguel de Tabagón leva meses pechado sen que por parte de SERGAS se aporte ningún tipo de solución nin alternativa as consecuencias deste peche.

Pero sen dúbida o principal problema que está a padecer a veciñanza do Rosal é a falta de atención médica porque a Xunta de Galiza se nega a cubrir as ausencias dos profesionais sanitarios.

Esta situación motivou unha resposta unánime de toda a sociedade do Rosal. Resposta unánime que quedou de manifesto tanto en resolucións unánimes do pleno municipal, en mobilizacións da veciñanza apoiadas por todos os grupos municipais e na constitución dunha plataforma en defensa da sanidade pública na que están igualmente integradas todas as forzas políticas operantes no Concello do Rosal.

Pola súa banda, no concello de Tomiño a situación da sanidade pública tamén se atopa en estado crítico. Durante o mes de agosto non se están a cubrir as vacacións de varios médicos e de pediatría.

Isto obriga á veciñanza a teren listas de agarda superiores á unha semana e a que os profesionais teñan que atender ata a 60 pacientes diarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Levar adiante as medidas necesarias para garantir un servizo de pediatria de calidade nos concellos de Rosal e Tomiño.
2. Recuperar a praza de matrona no centro de saúde do Rosal.
3. Substitución de todas as ausencias dos profesionais para garantir unha atención sanitaria de calidade nestes concellos.
4. Garantir unha atención primaria presencial e de calidade dotando os centros de saúde dos profesionais necesarios.
5. Creación dunha praza máis de persoal médico e dúas de persoal de enfermaría no Concello do Rosal.
6. Dotación de infraestruturas, espazos e equipamentos necesarios para a atención primario de calidade no Rosal.”

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/08/2021 11:51:35**

**Iria Carreira Pazos na data 13/08/2021 11:51:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/08/2021 11:51:47**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Marina Ortega Otero, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

O 27 de xullo de 2021 a Xunta de Galicia informaba sobre os avances en canto ás condicións para familias monoparentais e monomarentais.

En concreto, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, convidaba a participar á sociedade galega na elaboración do decreto que regulará o primeiro rexistro de familias monoparentais e monomarentais con que contará Galicia, tras sucesivos anuncios sobre o mesmo dende o ano 2010 aproximadamente.

Dende o Grupo Socialista consideramos ás familias monoparentais (a gran maioría monomarentais) un colectivo especialmente vulnerable e sensible aos efectos da crise social e económica derivada da pandemia da Covid 19. Polo tanto é fundamental que a adaptación da normativa supoña un avance importante en dereitos e recursos para este colectivo.

Os avances xurídicos nos últimos meses sentaron precedente en canto ao dereito a alongar os permisos por maternidade ante a ausencia do outro proxenitor, para seguir avanzando en dereitos. Para elo a Administración autonómica debe garantir a máxima protección ás familias monoparentais e manomarentais, especialmente ás que teñen dificultades, xa que este é un colectivo especialmente afectado pola pobreza infantil.

Os datos sobre pobreza infantil en Galicia son preocupantes, agora máis que nunca tras unha pandemia que trouxo consecuencias socio económicas sen precedentes nos últimos tempos, afectando máis ás mulleres, aos mozos e mozas e aos menores.

Polo que dende o Grupo Socialista consideramos fundamental que dende a Xunta de Galicia se avance nunha estratexia integral para blindar ás familias



monoparentais e monomarentais. Onde se promova o consenso para concretar as melloras en dereitos e recursos para este colectivo en aumento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social se avance nunha estratexia integral que avance en dereitos e recursos para as familias monoparentais e monomarentais, intentando un consenso que concrete explicitamente aqueles novos dereitos e recursos para estas familias.”

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Noa Díaz Varela  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 13/08/2021 12:04:15**

**Noa Susana Díaz Varela na data 13/08/2021 12:04:29**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2021 12:04:39**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 13/08/2021 12:04:51**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

Galicia avanza no proceso de vacinación de xeito importante, grazas á chegada das vacinas por parte do Estado e dentro do marco europeo. Na actualidade 7 de cada 10 galegos xa recibiron a pauta de vacinación, superando á media nacional tras recibir máis vacinas que outras comunidades autónomas por criterios obxectivos como é o de idade.

Dende o principio da pandemia, xa fai máis dun ano do seu comezo, un dos servizos esenciais foi o Servizo de Axuda no Fogar. Dende o Grupo Socialista fixemos diversas propostas na Cámara parlamentaria de Galicia, con motivo da demanda que o propio colectivo de traballadoras e traballadores estaban a reivindicar.

Tras case ano e medio tras o inicio da pandemia, o colectivo do SAF informa de que seguen a ter un trato de total abandono por parte da Administración autonómica. Xa que a descoordinación entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade evidénciase unha vez máis, na ausencia de itinerarios ou enlaces directos para rastrear e cribar a un colectivo que traballa con persoas de gran vulnerabilidade.

Dende a Xunta de Galicia non existen protocolos que promovan un itinerario específico de probas PCR ou antíxenos para este colectivo, nin existe un enlace do Sergas (tal e como existe para os centros de atención residencial) para axilizar o rastrexo e probas que permitan ás traballadoras e usuarios continuar co servizo de xeito seguro, segundo reclama o propio colectivo.

No proceso de vacinación do colectivo de traballadoras/es do sector, citáronse grandes grupos ao mesmo tempo, quedando sen cubrir a propia atención aos usuarios debido aos efectos da vacina en moitas das traballadoras ao mesmo tempo. Unha vez máis froito da descoordinación de ambas consellerías, xa que



Política Social debera coñecer as propias particularidades do sector e informar ao SERGAS para unha boa organización que evite repercusións negativas nos usuarios.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social e de Sanidade elaboren un itinerario propio para o SAF onde exista un enlace directo do SERGAS (similar ao que existe para os centros de atención residencial) para axilizar os rastrexos e probas PCR e/ou de antíxenos para o persoal do SAF así coma para os e as usuarias do mesmo.”

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 13/08/2021 12:05:16**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2021 12:05:30**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 13/08/2021 12:05:44**



## Á Mesado Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**

### Exposición de motivos

O sindicato CCOO en data 10 de agosto de 2021, en nota de prensa, sinalaba que a Consellería do Medio Rural acaba de levar a cabo un proceso de selección de postos, para asignar 15 axentes forestais a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), que incumpre os preceptos legais establecidos na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, da provisión de postos na Xunta de Galicia

Tal e como advertía o sindicato, a Dirección Xeral de Defensa do Monte, remitiu un correo corporativo, o 3 de agosto, a todas as persoas membros das escalas de Axentes Forestais e Medioambientais pertencentes a esta consellería (deixando fóra aos que están na Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda), dando un prazo mínimo de 3 días naturais, para presentar a documentación, en pleno mes de agosto, incumprindo o establecido pola Lei 2/2015, en relación aos dereitos y deberes individuais dos empregados públicos.

Como tamén o sindicato CIG deixando claro o seu apoio a estas brigadas de investigación, di "selección a dedo" e esixe explicacións á CMR sobre como se realizou esta provisión de persoal para as UIFOs. Por outra banda denuncia que as prazas creadas son "insuficientes" e "incumpren o que prometeu o presidente Feijóo" despois da onda de incendios de 2017, ao apuntar á creación de equipos formados por un mínimo de 57 axentes. "Mostramos o noso total rexeitamento á amortización de cinco prazas (curiosamente todas elas con incidencia directa na prevención e extinción de incendios) e a modificación de 12 prazas ocupadas de axentes dedicados á extinción".

Temos por tanto, a exclusión de parte do colectivo deste proceso de selección, e a utilización dun prazo intencionadamente curto, para poder presentar a documentación, e a "ilegalidade" da falta de bases e de baremo de selección. Cousa a parte foi o proceso que parece ser que se seguiu para elixir o coordinador autonómico e os dous coordinadores de zona.



Por tanto o día 9 de agosto, sen constitución dunha comisión de selección, e sen a aplicación dunhas bases e dun baremo obxectivo, se presentaba ante os medios de comunicación, como lle gusta ao Sr. conselleiro, as 15 persoas seleccionadas discrecionalmente para máis gloria e propaganda da Xunta.

Sinalan os sindicatos que a Consellería confunde a necesidade da creación desta unidade, algo que veñen reclamado dende hai moitos anos, con facelo discrecionalmente, irregularmente e incumprindo todas as promesas anteriores (chegouse a anunciar a creación dunha unidade con 61 postos a maiores), e unha falacia, pois a realidade é que agora se detraen 15 postos das tarefas de prevención e extinción. Ademais polo de agora que saibamos non hai na Consellería do Medio Rural unha distribución do persoal entre as Direccións Xerais de Planificación e Ordenación Forestal e Defensa do Monte., posto de manifesto na Resolución do 29 de xuño de 2021, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello de la Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello de la Xunta do 24 de xuño de 2021.

Para os sindicatos, e para o este Grupo Parlamentario Socialista, tratase dun gravísimo erro organizativo, por en marcha unha unidade a medida do Director Xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, baixo criterios non negociados, sen estar reflexadas en ningunha relación de postos como se pode ver na Resolución do 29 de xuño de 2021, sen coñecer nin negociar as condicións de traballo ás que estarán suxeitos, sen saber cales serán as funcións, os obxectivos e os medios ao seu dispor, e que detrae recursos na prevención e loita contra os incendios forestais.

Consideran así mesmo que a solución pasaría por negociar o desenvolvemento da UIFO dentro do regulamento de funcións do corpo de axentes medio ambientes, que leva 20 anos pendente de negociación, incrementando o cadro de persoal e creando os postos previamente en RPT, para a súa provisión polos procedementos legalmente establecidos na ámbito da Función Pública.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte Proposición non de lei:





“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se paralice o proceso de selección de postos, para asignar 15 axentes forestais a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), que incumpre os preceptos legais da provisión de postos na Xunta de Galicia para que se proceda a súa creación dentro dos marcos legais de negociación previa cos sindicatos, e creación dos postos a través da preceptiva RPT para a súa provisión polos procedementos legalmente establecidos no ámbito da Función pública.”

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/08/2021 12:14:33**

**Martín Seco García na data 13/08/2021 12:14:44**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 13/08/2021 12:14:54**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a eliminación de profesorado no CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos (A Coruña) e sobre o cambio nas liñas de transporte ao mesmo centro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de pasar 16 meses do inicio da pandemia provocada polo coronavirus que obrigou a un sobreesforzo a toda a comunidade educativa durante o curso 2020-2021, a Consellería de Educación inicia o curso escolar 2021-22 cunha nova onda de recortes no ensino que afectan tanto aos servizos propiamente educativos como aos servizos complementarios dos centros de ensino.

Anúnciase o reinicio dunha práctica que xa viña sendo habitual por parte do goberno do PP a respecto do debilitamento do ensino público galego mediante a progresiva redución de unidades escolares e de prazas docentes.

O CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos (A Coruña) é un dos centros máis masificados de Galiza, conta con arredor de 900 alumnos e alumnas e está a vivir con desacougo a eliminación de tres prazas de profesorado: unha prazas de profesorado de Inglés de Infantil, unha praza de Educación Física e outra de Pedagogía Terapéutica. Esta eliminación, que non estaría xustificada nunha baixada do alumnado matriculado, afectaría de xeito notábel á atención do alumnado do centro e ao seu futuro educativo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asemade, dificultaría a tan necesaria atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e impediría a súa inclusión e integración.

Por outro lado, arredor de 80 alumnas e alumnos do centro Vales Villamarín van verse afectados pola mudanza das liñas de transporte ao centro. Tres das liñas de autobús que dan servizo ao centro (en concreto as liñas número 2, 7 e 8) van pasar a ser liñas de transporte integrado, un feito que non garante unha praza no transporte colectivo para o alumnado excepcional, que dificulta a súa atención por parte das coidadoras que cobren as rutas escolares e que fai que nenos e nenas desde os 3 anos teñan que convivir con outros usuarios (coa problemática que isto leva consigo).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a manter o cadro de persoal no CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos (A Coruña) e anular a conversión das liñas de transporte 2, 7 e 8 en liñas de transporte integrado.”

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/08/2021 10:40:13**

**Daniel Castro García na data 17/08/2021 10:40:19**

**Mercedes Queixas Zas na data 17/08/2021 10:40:29**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao funcionamento do “Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar” para o alumnado de ensino obrigatorio.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a supresión da gratuidade dos libros de texto que se instaurara en Galiza no curso 2005-06, a Xunta de Galiza optou por outorgar unhas bolsas para a adquisición dos libros e do material escolar no ensino obrigatorio.

Estas bolsas teñen en conta o criterio da renda familiar, mais non outras cuestións de suma importancia como o nivel educativo que van cursar os nenos e nenas que pertencen á unidade familiar que solicita a bolsa.

Por este motivo, en moitos casos, o custo dos libros pode ser moi inferior á cantidade que se recolle no cheque ao que a familia ten dereito. Neste caso, a unidade familiar “perde” esa diferenza de diñeiro, que non se pode gastar en material escolar ou libros de lectura.

Un outro sistema, que tivese en conta o nivel educativo que vai cursar a rapazada, que permitise mercar outro tipo de útiles de papelería ou libros de literatura, sería moito





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

máis proveitoso. Asemade, cumpriría permitir que ese diñeiro puidese ser gastado en calquera momento ao longo do curso académico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a realizar as mudanzas que sexan necesarias para mellorar o sistema do Fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, posibilitando que o diñeiro poida ser gastado en calquera momento do curso académico, e incorporando entre outros factores o nivel educativo que vai cursar o alumnado, así como permitindo a adquisición doutro tipo de útiles de papelería ou libros de literatura.”

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 17/08/2021 11:38:10**

**Daniel Castro García na data 17/08/2021 11:38:23**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/08/2021 11:38:32**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputados e do seu deputado **Noa Díaz Varela, Juan Carlos Francisco Rivera e Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará a súa única sucursal no Concello de A Baña, quedando así sen o servizo bancario diario de entidade algunha.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida a economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, na súa maioría persoas maiores, que deberá desprazarse a un concello contiguo para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Contra esta decisión tense manifestado toda a poboación do concello así como os tres grupos políticos que conforman a corporación municipal (PSdeG, PP e Compromiso por Galicia), que acordaron por unanimidade un manifesto no que expresan o seu rexeitamento ao peche da sucursal en San Vincenzo da Baña pois “vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade, maioritaria na Baña, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal”.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.





A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inicie de inmediato as xestións oportunas para que a entidade Abanca, herdeira das caixas de aforros galegas, manteña a súa sucursal bancaria na capital do Concello de A Baña.”

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2021

Asdo.: Noa Díaz Varela  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 17/08/2021 10:24:53**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/08/2021 10:25:06**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/08/2021 10:25:19**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 17/08/2021 10:25:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás accións a realizar por Portos de Galiza para garantir a continuidade da Asociación Amigos da Dorna de Portonovo e a súa actuación de recuperación, restauración e promoción das embarcacións tradicionais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Amigos da Dorna de Portonovo ven de facer pública a decisión de Portos de Galiza de negarse a renovar a autorización para os amarres das embarcacións tradicionais da asociación no peirao de Portonovo no que levan de xeito ininterrompido usando o pantalán dende fai 17 anos. Antes de que se instalaran os pantaláns no ano 2003 xa fondeaban as embarcacións.

A Asociación denuncia que dispoñían dunha licenza de ocupación para 12 metros de pantalán para amarrar as súas embarcacións polo período 2017-2020, tentando en varias ocasións renovar a mesma, sempre sen resposta por parte de Portos, moi ao contrario, sacou unha convocatoria para adxudicar estes amarres, de xeito que onde tiñan un espazo reservado para as embarcacións, este foi adxudicado a particulares.

Denuncian tamén que por parte de Portos se está incumprindo o Plan de Usos do porto de Portonovo, xa que este establece que no pantalán que viñan utilizando só poden





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

amarrar embarcacións profesionais ou embarcacións que, sendo de recreo pertencen a unha tipoloxía que non teña cabida no Club Náutico.

Con esta actuación Portos de Galiza mostra unha falta absoluta de compromiso, de sensibilidade coas embarcacións tradicionais, primando o afán de recadación. O BNG xa ten denunciado en moitas ocasións que a Lei de Portos, aprobada en solitario polo Partido Popular, era privatizadora, tiña como obxectivo facer caixa, mercantilizar a actividade portuaria, converter os peiraos en espazos illados da realidade das vilas onde teñen que estar inseridos. O obxectivo é única e exclusivamente o negocio, ten a ver cunha dinámica empresarial de busca do lucro na vez de cooperación e beneficio público.

A decisión tomada por Portos, deixa en situación de indefensión á Asociación e pon en risco a continuidade da mesma e das súas embarcacións, xa que supón a expulsión das mesmas da dársena de Portonovo.

A Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo está inserida en Culturmar, Federación Galega da Cultura Marítima e fluvial que levan a cabo unha moi importante labor de recuperación, conservación e protección do patrimonio que supoñen as embarcacións tradicionais. Labor desinteresada que supón un esforzo tanto económico como en horas de adicación, polo que é preciso apoiar a actividade que realizan.

As embarcacións tradicionais de madeira (dornas, botes polbeiros, trañas, gamelas, lanchas xeiteiras, botes, paquebotes, galeóns... son un conxunto valioso de recursos, ligados á historia e a vida da xente do mar, son testemuño do pasado e presente, son parte da riqueza cultural e etnográfica do país. É precisa a salvagarda e conservación das embarcacións tradicionais como parte do patrimonio cultural galego é





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

unha necesidade e unha obriga, pois acolle os modos e costumes da construción popular e polo tanto mostra da nosa identidade cultural.

Para este fin é imprescindible o compromiso da Xunta de Galiza que debe rectificar e cambiar a política do confronto, persecución e penalización mostrada coa Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo polo diálogo, o apoio e a promoción da actividade que realizan das embarcacións tradicionais e atender as súas demandas.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego, e concretamente a Portos de Galiza, a realizar todas as actuacións precisas para:

1.- Proceder a autorizar á Asociación Amigos da Dorna de Portonovo dun número de amarres suficiente para ter o conxunto das súas embarcacións tradicionais xuntas nun pantalán da dársena de Portonovo,

2.- Que a ubicación permita realizar as actividades de divulgación que corresponden a unha Mariña Tradicional, para o que deben ser visíbeis e visitábeis para goce e coñecemento da cidadanía, de xeito que á labor de recuperación, restauración e promoción sexa aproveitado como valor educativo e de atracción turística.

3.- Eximir á Asociación Amigos da Dorna de Portonovo do pago de taxas, ou proceder á bonificada do 100% das mesmas. Para a aplicación desta exención ou bonificación terase en conta o censo de embarcacións tradicionais da Federación Culturmar.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2021 12:29:04**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/08/2021 12:29:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/08/2021 12:29:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as auditorías realizadas pola Xunta nas residencias de maiores despois da pandemia e os resultados das mesmas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2020 a Xunta de Galiza anunciou a realización dunha auditoría en todas as residencias de maiores.

Segundo foi trasladado ao Grupo parlamentario do BNG en resposta escrita en marzo de 2021 este “un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus” constitúe un complemento ao plan de inspeccións habitual.

As visitas leváronse a cabo por parte de persoal técnico superior de prevención de riscos laborais que usou un cuestionario de 83 ítems encamiñado a coñecer o grao de preparación fronte á Covid-19, nove meses despois da declaración da pandemia.

Segundo a Consellaría de Política Social, o mesmo persoal desenvolvería unha segunda rolda de visitas posteriores para determinar que medidas implantaron as residencias para introducir melloras.

Porén, nunha se proporcionou información pública algunha sobre estas auditorías.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara e aos grupos parlamentarios, no prazo máximo dun mes, un informe detallado sobre as auditorías realizadas nas residencias de maiores así como das conclusión tiradas das mesmas e unha relación de medidas que teña previsto adoptar o Goberno galego ao respecto.”

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/08/2021 13:45:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2021 13:46:04**

**Iria Carreira Pazos na data 17/08/2021 13:46:12**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luis Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

O cambio climático ou quentamento global de orixe antropoxénico é na actualidade a maior ameaza á que se enfrenta a humanidade, na medida en que o clima determina, directa ou indirectamente, todos os aspectos das nosas vidas, dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas, de vivenda, auga, etc, e se retroalimenta co resto do sistema biofísico planetario producindo a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis, perda de biodiversidade, incendios de intensidade e periodicidade infrecuente, fenómenos climatolóxicos extremos, e un longo etcétera.

O impacto económico da adaptación ao cambio climático estímase en estudos relativamente recentes entre o 7 % e o 15 % do PIB mundial, aínda que outros estudos menos recentes como o Informe Stern estímalo nun 20 % e case todos os estudosos asumen que estes informes poderían subestimar o dito impacto dado que a incerteza na materia é moi elevada. En especial, a posibilidade de que se desencadeen os chamados bucles de realimentación (liberación de metano por derretemento do permafrost, perda de efecto albedo por diminución do xeo na superficie do planeta, deforestación, etc, etc) que poderían acelerar o cambio climático.

En xeral, as predicións relativas á evolución do cambio climático tenden a empeorar co paso do tempo e co avance da ciencia aplicable. España e Galicia, como zonas de transición climática, son singularmente vulnerables ao cambio climático e as súas consecuencias poden ser máis graves ca noutros países, con graves repercusións sobre a agricultura, gandaría, bosques ou migracións, afectando a toda a sociedade. A declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade do grave impacto do cambio climático e a urxencia de actuar contra el e, en consecuencia, o compromiso de facelo.





O sexto informe do IPCC da ONU, publicado parcialmente o 9 de agosto, reafirma a gravidade do cambio climático e resúmese, na propia nota de prensa remitida polo IPCC, dicindo que, *“a menos que las emisiones de gases de efecto invernadero se reduzcan de manera inmediata, rápida y a gran escala, limitar el calentamiento a cerca de 1,5 °C o incluso a 2 °C será un objetivo inalcanzable”*.

Hai que ter en conta que o IPCC é considerado en xeral un organismo conservador nas súas predicións e extremadamente diplomático nas súas manifestacións, de xeito acorde co seu carácter intergubernamental, polo que as predicións e consideracións contidas no mesmo xeran alarma en calquera persoa sensata.

Incluso sen considerar este alarmante informe, sobran razóns para a declaración de emerxencia climática: aumento das temperaturas, perda de terreo cultivable, desertización, subida do nivel do mar, récords de concentración de CO2 no nivel da atmosfera (de 270 partes por millón antes da revolución industrial a case 400 agora), acidificación do océano, fenómenos meteorolóxicos extremos, migracións masivas e os efectos políticos de inestabilidade que todo o anterior supón aconsellan actuar xa e non demorar nin un só minuto a acción contra o cambio climático. Para maior abastanza, o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas que comezou no século XX e está a acelerarse no século XXI, e son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos actualmente é un efecto máis dese desequilibrio ecolóxico global. Por iso, ducias de países e cidades están declarando a emerxencia climática. España declarou a emerxencia climática a principios deste ano. Cataluña, Castela A Mancha, Aragón, Baleares, Canarias, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Asturias, Murcia, Cantabria, Extremadura, Navarra ou Asturias están en proceso ou declararon xa a emerxencia climática. Tamén decenas de concellos de todo o Estado teñen declarado a emerxencia climática, sendo Vigo a primeira cidade de Galicia en facelo.

Galicia, a diferenza de todas as CC.AA anteriormente mencionadas, quedou adiada e non fixo ningún movemento neste sentido, salvo sacar do caixón a estratexia contra o cambio climático do ano 2005, da que non se lembrou en 15 anos, é retocada no ano 2019, anunciando a bombo e prato que Galicia sería pioneira nesta materia (outra de tantas estratexias publicitarias do Goberno galego), esquecendo que España conta dende principios do ano pasado, e niso si é pioneira dado que foi o primeiro país do mundo en facelo, cunha estratexia de transición xusta no marco do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima.



Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 18/08/2021 11:36:08**

**Daniel Castro García na data 18/08/2021 11:36:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 18/08/2021 11:36:26**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro de 2021, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e publicou a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2019, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión. No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).



Por iso, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos obxectivos acadados con esta subvención?

2ª) Considera o Goberno galego que a dotación orzamentaria para esta subvención nos últimos tres anos foi suficiente para que os concellos de menos de 30.000 habitantes puidesen crear e/ou mellorar infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais?

3ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo que demostre que a solicitude conxunta incide na “mellora das condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais a través da mellora das dotacións existentes de infraestruturas básicas e do fomento da implantación e a reforma dos servizos básicos demandados pola poboación rural, proporcionándolle aqueles que cubran as súas principais necesidades, facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación, e procurando satisfacer as novas necesidades dos habitantes e das empresas das áreas rurais” tal e como se establece na exposición de motivos da dita orde de subvencións?

4ª) Cales son os obxectivos perseguidos para que os dous concellos fusionados que hai en Galicia, Oza-Pontecesures o Cerdedo-Cotobade, reciban 30 puntos de 100 só por presentar a solicitude de subvencións?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/08/2021 11:55:34**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/08/2021 11:55:51**

**Paloma Castro Rey na data 18/08/2021 11:56:04**

**Pablo Arangüena Fernández na data 18/08/2021 11:56:14**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os gromos que se están a rexistrar nas residencias de maiores.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que iniciou e, especialmente, desde que se completou a campaña de vacinación entre o persoal e usuarias das residencias de maiores o número de persoas contaxiadas con Covid-19 reduciuse enormemente. Tamén o número de falecementos o que demostra a efectividade das vacinas na loita contra o virus.

Así as cousas, a vacina non impide que as persoas poidan contaxiarse como así evidencian os gromos detectados nos centros nos últimos meses. Cifras que fican moi lonxe dos contaxios masivos rexistrados nas primeiras vagas e con resultados moito menos agresivos para as persoas usuarias, mais que non deben facernos esquecer que continúan a ser persoas vulnerábeis.

É evidente que o virus continúa a circular nas residencias de maiores, como tamén o fai fóra delas. Malia a mellora da situación a respecto doutros





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

momentos anteriormente, non debemos nin podemos baixar a garda diante dun virus aínda pouco coñecido e das posíbeis variacións do mesmo. É importante manter sistemas de vixilancia e control que permitan actuar con previsión e anticipación máis aínda co coñecemento adquirido durante o último ano a respecto das consecuencias da Covid-19 entre a poboación vulnerábel.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte interpelación:

- Que medidas de detección da Covid-19 mantén en vigor a Xunta de Galiza nas residencias de maiores?
- Continúa a desenvolver os cribados periódicos?
- E entre o persoal?
- Que medidas de prevención dos contaxios mantén en vigor o Goberno galego para que o virus non se espalle dentro do centro cando se produce un contaxio entre o persoal e os residentes?
- Nos centros en que se detectaron gromos, cal é a evolución médica das persoas positivas?
- A que cre que se deben a Xunta de Galiza estes contaxios?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Vixía o Goberno galego a evolución do virus nas residencias, por exemplo, con sistemas de control e estudo como a análise de augas residuais?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2021 12:36:47**

**Iria Carreira Pazos na data 18/08/2021 12:36:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2021 12:36:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o número de persoas falecidas en residencias de maiores en Galiza

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza continúa a impedir o acceso a información pública relevante sobre o impacto da Covid-19 entre a poboación usuaria de residencias de maiores.

Neste senso, impídese o acceso ao número de persoas falecidas desagregado por centros no caso das residencias privadas (a inmensa maioría da oferta en Galiza) vulnerando os dereitos do conxunto da poboación mais tamén do Parlamento e dos grupos con representación na Cámara. E é que a Valedoría do Pobo xa advertiu ao goberno galego de que estes datos son información pública e, como tal, debe ser garantido o seu coñecemento público o que non impediría a súa publicación ou difusión.

Porén, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes empresas que copan o mercado das residencias (como DomusVI) antes que protexer e velar polo exercicio dos dereitos das galegas e galegos.

Recentemente, o xornal Praza Pública tivo acceso aos datos de falecementos en residencias públicas. Da análise dos meses tíranse dúas conclusións fundamentais, de enorme interese para o debate sobre o novo modelo de residencias:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Primeiro.- En conxunto, o maior número de persoas falecidas en residencias públicas rexistráronse naquelas que foron privatizadas: residencias de Ribeira, Laraxe, Concepción Arenal e Bande. Todas elas xestionadas por DomusVI.

Segundo.- A pandemia afectou máis os centros máis grandes, nomeadamente aqueles que superan as 100 prazas. É o caso da residencia Nosa Señora dos Milagres (Ourense).

Así as cousas, máis dun ano despois de declararse a situación de pandemia resulta incomprensíbel que os grupos parlamentarios, os medios de comunicación e, en xeral, o conxunto da sociedade galega, non coñeza toda a información e a Xunta de Galiza vete o acceso a datos relevantes que permitan analizar en detalle e con todo o rigor, o impacto da Covid-19 nas residencias de maiores.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Cando vai publicar a Xunta de Galiza os datos de persoas falecidas en residencias de maiores durante a pandemia desagregados por centros?
- Que reflexións tira o Goberno galego dos datos de falecementos nas residencias de maiores públicas?
- Pensa adoptar algunha medida nas residencias públicas despois de todo o acontecido?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2021 13:14:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2021 13:14:55**

**Iria Carreira Pazos na data 18/08/2021 13:15:03**



## Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que pechará a única sucursal que ten no concello de Campolameiro, quedando así sen o servizo bancario diario que presta unha entidade financeira.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, que se deberá desprazar a sucursais doutros municipios como Moraña (8 km) Cerdedo-Cotobade (13 km) para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Este peche, vai repercutir moi negativamente na calidade de vida de toda a poboación, pero aínda máis na de máis idade, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal.

A corporación municipal por unanimidade mostrouse en contra deste peche, aprobando no Pleno do día 16 de agosto por unanimidade, unha condena ao peche e un decálogo de 11 iniciativas e medidas a levar a cabo, se se produce o peche definitivo da oficina bancaria, previsto para o día 8 de setembro.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo



mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico.

É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Realizou ou pensa realizar o Goberno galego algunha xestión para evitar o peche da sucursal do concello de Campolameiro, que deixaría a súa poboación sen este servizo?

2ª) Como valora o Goberno galego o peche da sucursal de Abanca do concello de Campolameiro?

3ª) Considera o Goberno galego que debe iniciar conversas con Abanca para evitar o peche de sucursais bancarias no rural de acordo a unha estratexia de fortalecemento do rural e contra o seu despoboamento?

4.ª) Que medidas está a levar a cabo o Goberno galego para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras galegas, especialmente da xente maior que vive nun concello rural e carecen de oficina bancaria?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 18/08/2021 13:02:28**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/08/2021 13:02:38**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/08/2021 13:02:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos é recorrente a falta de persoal de enfermería na EOXI de Lugo, Cervo, Monforte, o mesmo acontece co persoal médico de atención primaria. Non se pode achacar isto a unha soa cuestión, nin tan sequera a unha soa administración pública, é polo tanto unha cuestión multifactorial. Debido á súa complexidade no canto de sentarse co problema enriba da mesa para atoparlle unha solución dende as distintas políticas o que se fixo ata o de agora foi deixar correr o tema co resultado que estamos observando. Un resultado prexudicial para o persoal e máis para a cidadanía usuarias dos servizos sanitarios.

O persoal da Sanidade, que non só o sanitario, ten de xeito habitual unha penosidade específica no desenvolvemento do seu traballo, sexa cal sexa o seu campo de actuación, aínda que é certo que en certos niveis esta penosidade pode verse incrementada. Esta condición de penosidade viuse incrementada polo sobreesforzo realizado nesta pandemia, parece obvio que este sobreesforzo tería que ser compensado nalgún momento, para iso non chegan nin aplausos nin sequera subidas de salario... e aquí márcase un feito diferencial entre categorías profesionais, xa que nalgunhas non é posible esta compensación por imposibilidade de substitución.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Sabemos que estamos a falar de Enfermería e Medicina de Familia, categorías con listaxes de contratación esgotadas e das que non se poden tirar profesionais para reforzar o sistema cando este vai ao límite.

Sería oportuno non deixar pasar a oportunidade para analizar as múltiples causas que levan ao sistema sanitario actual á extenuación, para tentar resolvelas aínda que sexa a medio prazo, e por outra banda, mentres a solución non se pon en marcha, habería que falar cales deben ser as xustas compensacións ás profesionais por multiplicar as súas quendas de traballo.

Dende o BNG entendemos que é obriga da Xunta abandonar a pasividade en torno á inmensa problemática que causa levar anos sen establecer as liñas políticas adecuadas para a corrección desta problemática que se está volvendo endémica nas zonas máis deprimidas da Galiza interior.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto a Xunta traballar para solucionar a falta de persoal da sanidade, nomeadamente nas categorías de Enfermeira e Médico/a de Familia, mediante a planificación adecuada, artellando no entanto un sistema de compensacións xusto?

Teñen avaliado dende a Consellería as causas multifactoriais que conducen á falta recorrente de Enfermeiras e Médicas de Familia na Provincia de Lugo?

É consciente a Consellería de Sanidade da precariedade laboral á que somete ás persoas que traballan para o SERGAS en xeral, e en Lugo en particular?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Son, así mesmo, conscientes da perda de calidade asistencial que sofre ás usuarias/os pola falta de profesionais na nosa provincia?

Os consultorios que permanecen pechados permanecerán así de xeito definitivo por mor da falta de profesionais?

Teñen coñecemento de que se pretende compensar na EOXI de Lugo, tanto no Hospital como na primaria, as horas extra a prezo de hora ordinaria ou coa devolución da quenda feita cando se poida?

Teñen intención de establecer criterios compensatorios xerais e xustos para tódalas EOXI?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Daniel Castro García**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 19/08/2021 09:40:25**

**Daniel Castro García na data 19/08/2021 09:40:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/08/2021 09:41:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/08/2021 09:41:16**

**Iria Carreira Pazos na data 19/08/2021 09:41:25**







OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez volveu ocorrer. Despois de que na primeira semana deste mes de agosto o buque galego “Manuel Laura”, con tripulación maioritaria da comarca do Morrazo, tivese que voltar do Gran sol a Vigo após detectárense varios casos de covid, é agora outro barco da mesma empresa armadora, o “Nuevo Confurco”, quen se vén de atopar nunha situación semellante e, de novo, igual de lamentábel.

O “Nuevo Confurco”, cun total de once tripulantes, cinco deles galegos do Morrazo e o resto africanos, atracou en Vigo o pasado día 12, despois de verse na obriga de interromper a súa marea no Gran sol por mor dun posíbel caso de covid a bordo. Todos estaban vacinados, agás un, o cal representa aínda un maior perigo en caso de covid a bordo, tanto para el como para o todos os demais.

Á súa chegada ao porto de Vigo tiveron que vivir a mesma incomprensíbel escena que xa sufrira o “Manuel Laura”. Quen os agardaba era un reducido perímetro de seguridade e persoal da armadora. Máis tarde, si, fixo acto de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

presenza o presidente da Autoridade Portuaria, mais apenas para “quitarse a foto”.

No lugar non había agardando ningún persoal sanitario, ninguén do SERGAS que lles puidese facilitar algún tipo de información sobre as pautas sanitarias a seguir dende ese momento e moito menos que lles indicase cal era o protocolo sanitario establecido nestes casos.

Após o seu ataque, foron varias horas as que se demorou a presenza de sanitarios. Un dos tripulantes foi evacuado e ingresado no hospital con pneumonía e aos restantes efectuóuselles PCRs.

Agardaron o resultado das mesmas durante horas -todos xuntos nun barco de 36 metros de eslora-, que finalmente revelou tres casos positivos e, sobre as 22:00 horas. do mesmo día 12, reciben o aviso de que non se lles permite saír do barco, que lles chega non a través do persoal do SERGAS senón do persoal da empresa armadora.

Esa prohibición obrigaba nada menos que a seguir convivindo a tres persoas contaxiadas co resto da tripulación san, dentro duns espazos reducidísimos, moitos deles comúns, sen camarotes de illamento e sen poder cumprir as distancias entre eles nin tomar ningunha outra medida anti covid con garantías.

Malia a negativa da tripulación a ficar nesas condicións, que supostamente foran ordenadas polo SERGAS, tiveron que pernoctar a bordo o día 12 e non se





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

lles permitiu saír ata o día seguinte ás 15:00 horas, despois de pasar 27 horas convivindo sans e infectados e poñendo en grave risco a súa saúde e a súa vida.

Resulta indignante e claramente temerario que a esta altura, despois de máis de ano e medio de pandemia, os profesionais do mar continúen ao albur de decisións ilóxicas e distintas en cada momento, que siga sen existir un protocolo exhaustivo que permita marcar os pasos exactos a dar nestes casos e que se continúe a someter aos mariñeiros a directrices que dependen do entender de persoas distintas, sanitarios ou non, en cada ocasión.

Nesas circunstancias, houbo ata tripulantes que se dirixiron por escrito ao SERGAS expoñéndolle as condicións nas que estaban e solicitándolle instrucións concretas. Aínda hoxe ese requirimento non foi respostado por ninguén.

A falla de interese e a deixadez das consellarías do Mar e de Sanidade respecto aos traballadores do mar é manifesta e despois de tanto meses as cousas seguen como ao principio: Falla de información, retrasos na atención, inexistencia de protocolos e, en definitiva, un abandono total á súa sorte.

O razoábel é que, ao igual que en terra, as persoas embarcadas dispoñan de pautas claras a seguir e de servizos sanitarios inmediatos que as asesoren con dilixencia e que, de ser necesario, lles permitan confinarse en establecementos ao efecto ou nas súas propias casas, illándoas entre si e doutras persoas ás que puidesen contaxiar. O sensato é facerlles un seguimento dende o primeiro momento e manter o contacto con eles ata a final do proceso e non seguir permitindo que cada buque, cada tripulante, cada caso sexa un “sálvese quen poida e como poida”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As autoridades sanitarias e do Mar veñen amosando en todo este tempo unha despreocupación que roza a negligencia e que lle está a custar moi cara aos mariñeiros e ás armadoras galegas, que ao único que aspiran é a ser tratados como o resto da cidadanía e a preservar a súa saúde e o seu medio de vida.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Que valoración fai o goberno galego da inexistencia dun protocolo de actuación claro e concreto nos casos de covid-19 nos buques galegos despois de máis de ano e medio de pandemia?

2.- Contempla a posibilidade de establecer a obrigatoriedade de facer probas PCR antes de saír ao mar? De ser así, por que non se están realizando xa?

3.- Considera a Xunta de Galiza que aos traballadores do mar debe dispensárselle cando menos a mesma atención e nas mesmas condicións que ás persoas que traballan e viven en terra? De ser así, por que aínda non o fai?

4.- Cales son as razóns polas que non se presta unha atención inmediata e dilixente por parte de persoal sanitario aos barcos que chegan a portos galegos con casos de covid-19? Por que non están a disposición os medios e o persoal sanitario necesario no momento do ataque a porto? Por que dende ese momento non se lle facilita á tripulación información detallada e instrucións a seguir a través de persoal do SERGAS?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5.- Cales son os motivos polos que en cada caso o confinamento da tripulación se dispón ou leva a cabo dun xeito distinto? Por que razón se pretendeu obrigar á tripulación do “Nuevo Confurco” a permanecer confinada no barco e a facer convivir a persoas contaxiadas coas que non o estaban?

6.- Considera a Xunta de Galiza que a inmensa maioría dos buques están preparados para manter a toda a súa tripulación a bordo en caso de confinamento?

7.- Cando vai o goberno galego a poñer en marcha un protocolo de actuación para estes casos que evite confusións e sobre todo riscos para as tripulacións?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 19/08/2021 11:53:03**

**María do Carme González Iglesias na data 19/08/2021 11:53:06**

**Daniel Castro García na data 19/08/2021 11:53:16**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza e determinados concellos galegos?



2ª) Considera o Goberno galego que estes convenios de colaboración con determinados concellos galegos favoreceron o reequilibrio territorial da nosa comunidade?

3ª) Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/08/2021 11:44:58**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/08/2021 11:45:11**

**Paloma Castro Rey na data 19/08/2021 11:45:24**

**Pablo Arangüena Fernández na data 19/08/2021 11:45:33**





## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 27 de xullo de 2021 a Xunta de Galicia informaba sobre os avances en canto ás condicións para familias monoparentais e monomarentais.

En concreto, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, convidaba a participar á sociedade galega na elaboración do decreto que regulará o primeiro rexistro de familias monoparentais e monomarentais con que contará Galicia, tras sucesivos anuncios sobre o mesmo dende o ano 2010 aproximadamente.

Dende o Grupo Socialista consideramos ás familias monoparentais (a gran maioría monomarentais) un colectivo especialmente vulnerable e sensible aos efectos da crise social e económica derivada da pandemia da Covid 19. Polo tanto é fundamental que a adaptación da normativa supoña un avance importante en dereitos e recursos para este colectivo.

Os avances xurídicos nos últimos meses sentaron precedente en canto ao dereito a alongar os permisos por maternidade ante a ausencia do outro proxenitor, para seguir avanzando en dereitos. Para elo a Administración autonómica debe garantir a máxima protección ás familias monoparentais e manomarentais, especialmente ás que teñen dificultades, xa que este é un colectivo especialmente afectado pola pobreza infantil.

Os datos sobre pobreza infantil en Galicia son preocupantes, agora máis que nunca tras unha pandemia que trouxo consecuencias socio económicas sen precedentes nos últimos tempos, afectando máis ás mulleres, aos mozos e mozas e aos menores.

Polo que dende o Grupo Socialista consideramos fundamental que dende a Xunta de Galicia se avance nunha estratexia integral para blindar ás familias



monoparentais e monomarentais. Onde se promova o consenso para concretar as melloras en dereitos e recursos para este colectivo en aumento.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que propostas concretas perfilan dende a Consellería de Política Social para que as familias monoparentais e monomarentais avances en dereitos e recursos?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Noa Díaz Varela  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 13/08/2021 12:08:20**

**Noa Susana Díaz Varela na data 13/08/2021 12:09:01**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2021 12:09:11**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia avanza no proceso de vacinación de xeito importante, grazas á chegada das vacinas por parte do Estado e dentro do marco europeo. Na actualidade 7 de cada 10 galegos xa recibiron a pauta de vacinación, superando á media nacional tras recibir máis vacinas que outras comunidades autónomas por criterios obxectivos como é o de idade.

Dende o principio da pandemia, xa fai máis dun ano do seu comezo, un dos servizos esenciais foi o Servizo de Axuda no Fogar. Dende o Grupo Socialista fixemos diversas propostas na Cámara parlamentaria de Galicia, con motivo da demanda que o propio colectivo de traballadoras e traballadores estaban a reivindicar.

Tras case ano e medio tras o inicio da pandemia, o colectivo do SAF informa de que seguen a ter un trato de total abandono por parte da Administración autonómica. Xa que a descoordinación entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade evidénciase unha vez máis, na ausencia de itinerarios ou enlaces directos para rastrear e cribar a un colectivo que traballa con persoas de gran vulnerabilidade.

Dende a Xunta de Galicia non existen protocolos que promovan un itinerario específico de probas PCR ou antíxenos para este colectivo, nin existe un enlace do Sergas (tal e como existe para os centros de atención residencial) para axilizar o rastrexo e probas que permitan ás traballadoras e usuarios continuar co servizo de xeito seguro, segundo reclama o propio colectivo.

No proceso de vacinación do colectivo de traballadoras/es do sector, citáronse grandes grupos ao mesmo tempo, quedando sen cubrir a propia atención aos usuarios debido aos efectos da vacina en moitas das traballadoras ao mesmo tempo. Unha vez máis froito da descoordinación de ambas consellerías, xa que Política Social debера coñecer as propias particularidades do sector e informar





ao SERGAS para unha boa organización que evite repercusións negativas nos usuarios.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Por que a Consellería de Política Social non coordinou en un ano e medio un itinerario específico para un servizo esencial para persoas vulnerables como é o SAF?

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 13/08/2021 12:09:48**

**Julio Torrado Quintela na data 13/08/2021 12:09:59**



## Á Mesado Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sindicato CCOO en data 10 de agosto de 2021, en nota de prensa, sinalaba que a Consellería do Medio Rural acaba de levar a cabo un proceso de selección de postos, para asignar 15 axentes forestais a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), que incumpre os preceptos legais establecidos na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, da provisión de postos na Xunta de Galicia

Tal e como advertía o sindicato, a Dirección Xeral de Defensa do Monte, remitiu un correo corporativo, o 3 de agosto, a todas as persoas membros das escalas de Axentes Forestais e Medioambientais pertencentes a esta consellería (deixando fóra aos que están na Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda), dando un prazo mínimo de 3 días naturais, para presentar a documentación, en pleno mes de agosto, incumprindo o establecido pola Lei 2/2015, en relación aos dereitos y deberes individuais dos empregados públicos.

Como tamén o sindicato CIG deixando claro o seu apoio a estas brigadas de investigación, di "selección a dedo" e esixe explicacións á CMR sobre como se realizou esta provisión de persoal para as UIFOs. Por outra banda denuncia que as prazas creadas son "insuficientes" e "incumpren o que prometeu o presidente Feijóo" despois da onda de incendios de 2017, ao apuntar á creación de equipos formados por un mínimo de 57 axentes. "Mostramos o noso total rexeitamento á amortización de cinco prazas (curiosamente todas elas con incidencia directa na prevención e extinción de incendios) e a modificación de 12 prazas ocupadas de axentes dedicados á extinción".

Temos por tanto, a exclusión de parte do colectivo deste proceso de selección, e a utilización dun prazo intencionadamente curto, para poder presentar a documentación, e a "ilegalidade" da falta de bases e de baremo de selección. Cousa a parte foi o proceso que parece ser que se seguiu para elixir o coordinador autonómico e os dous coordinadores de zona.



Por tanto o día 9 de agosto, sen constitución dunha comisión de selección, e sen a aplicación dunhas bases e dun baremo obxectivo, se presentaba ante os medios de comunicación, como lle gusta ao Sr. conselleiro, as 15 persoas seleccionadas discrecionalmente para máis gloria e propaganda da Xunta.

Sinalan os sindicatos que a Consellería confunde a necesidade da creación desta unidade, algo que veñen reclamado dende hai moitos anos, con facelo discrecionalmente, irregularmente e incumprindo todas as promesas anteriores (chegouse a anunciar a creación dunha unidade con 61 postos a maiores), e unha falacia, pois a realidade é que agora se detraen 15 postos das tarefas de prevención e extinción. Ademais polo de agora que saibamos non hai na Consellería do Medio Rural unha distribución do persoal entre as Direccións Xerais de Planificación e Ordenación Forestal e Defensa do Monte., posto de manifesto na Resolución do 29 de xuño de 2021, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello de la Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello de la Xunta do 24 de xuño de 2021.

Para os sindicatos, e para o este Grupo Parlamentario Socialista, tratase dun gravísimo erro organizativo, por en marcha unha unidade a medida do Director Xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, baixo criterios non negociados, sen estar reflexadas en ningunha relación de postos como se pode ver na Resolución do 29 de xuño de 2021, sen coñecer nin negociar as condicións de traballo ás que estarán suxeitos, sen saber cales serán as funcións, os obxectivos e os medios ao seu dispor, e que detrae recursos na prevención e loita contra os incendios forestais.

Consideran así mesmo que a solución pasaría por negociar o desenvolvemento da UIFO dentro do regulamento de funcións do corpo de axentes medio ambientes, que leva 20 anos pendente de negociación, incrementando o cadro de persoal e creando os postos previamente en RPT, para a súa provisión polos procedementos legalmente establecidos na ámbito da Función Pública.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:.



2.ª) Que valoración fai o Goberno galego de que se creara a UIFO baixo criterios non negociados, sen estar reflectidas en ningunha relación de postos, sen coñecer nin negociar as condicións de traballo ás que estarán suxeitos, sen saber cales serán as funcións, os obxectivos e os medios ao seu dispor.

Pazo do Parlamento, 13 de agosto de 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/08/2021 12:17:39**

**Martín Seco García na data 13/08/2021 12:17:51**



## A Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En Galicia, o sector lácteo é un sector clave. Nestes termos, falamos dun eido produtivo que achega o 1,5% do Produto Interior Bruto (PIB) da nosa comunidade e, adicionalmente, produce o 40% do leite de toda España. De feito, somos a principal rexión láctea do noso país e atopámonos entre as dez comunidades produtoras de leite do conxunto de Europa. Neste sentido, desde O Grupo Parlamentario Popular de Galicia somos conscientes de que todo esforzo a prol deste sector é pouco.

Ao respecto, o pasado mes de agosto a Consellería do Medio Rural, xunto á Fundación Juana de Vega, presentaba a aplicación informática “Conta Láctea”. Unha aplicación sen precedente que vén a dar cumprimento a un dos compromisos da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, presentada a finais do pasado ano 2020, que era, precisamente, achegar o I+D+i ao sector lácteo galego para impulsar a súa dixitalización.

En adición, a Conta Láctea concíbese como unha ferramenta *online* de fácil acceso para servir de apoio ás case 7.000 explotacións lácteas existentes en Galicia e para as Organizacións de Produtores Lácteos en materia de xestión económica, permitíndolles mellorar a súa rendibilidade e aumentar o poder negociador do prezo do leite diante dos primeiros compradores.

Deste xeito, apoiamos calquera medida que implique unha profesionalización do sector poñendo a súa disposición un instrumento de enorme utilidade, deseñado especificamente para os gandeiros galegos, de carácter intuitivo e facilmente manexable, para mellorar a súa posición na cadea de valor do leite. Así, dótase ao sector de maior transparencia e estabilidade, co conseguinte beneficio á economía rural.

Ao fío do exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





1. Que implicacións valora a Consellería do Medio Rural que terá a aplicación informática “Conta Láctea” para o sector lácteo de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 agosto 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 13/08/2021 12:48:42**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/08/2021 12:49:11**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/08/2021 12:49:24**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**José Antonio Armada Pérez na data 13/08/2021 12:49:34**

**Ramón Carballo Páez na data 13/08/2021 12:49:49**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/08/2021 12:50:34**

**Daniel Vega Pérez na data 13/08/2021 12:50:40**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## A Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

No marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, atópase o Plan de pastos de Galicia, que se integra como parte das políticas do Goberno galego para fixar poboación no rural, neste caso, grazas ao mantemento dunha actividade multifuncional do monte.

Esta iniciativa, impulsada pola Consellería do Medio Rural, ten por obxecto promover un mellor aproveitamento dos recursos naturais para a anticipación aos incendios e garantir a rendibilidade das explotacións, ao facilitarlles máis base territorial e proporcionarlles novas extensións do territorio para xerar oportunidades de riqueza no rural.

Así, por unha banda, os titulares das explotacións veranse beneficiados co acondicionamento das parcelas e cunha mellora dos accesos aos seus terreos, ao tempo que amplían a base territorial das súas explotacións. Por outra, cumpríranse todas as denominacións en materia de benestar, seguridade e saúde animal.

Ao respecto, este Plan aplícase con motivo da demanda das propias comunidades de montes ou de concellos, e as actuacións fanse sempre previo informe favorable dos órganos competentes na materia, como é o caso da autoridade forestal, de augas, patrimonio ou medio ambiente.

No tocante aos terreos beneficiarios das actuacións foron seleccionados segundo criterios de prevención de lumes, sendo concellos de alto risco, zonas de alta montaña, terreos encostados, ou de difícil acceso, divisorias entre plantacións ou faixas de protección de arborada autóctono, núcleos rurais ou estradas, etc.

A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia vemos neste Plan unha iniciativa a través da cal xestionar activamente o noso monte, aproveitando de xeito sustentable os recursos naturais e anticipándonos á problemática dos incendios, ao tempo que se incide nunha das demandas máis reiteradas polo sector agrogandeiro galego, a demanda de máis base territorial.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Nesta liña, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte cuestión:  
Cales son os avances do Plan de pastos de Galicia que puxo en práctica a Consellería do Medio Rural?

Santiago de Compostela, 13 de agosto 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 13/08/2021 13:16:03**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/08/2021 13:16:16**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/08/2021 13:16:26**

**José Antonio Armada Pérez na data 13/08/2021 13:16:37**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Ramón Carballo Páez na data 13/08/2021 13:16:48**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/08/2021 13:17:02**

**Daniel Vega Pérez na data 13/08/2021 13:17:08**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## A Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Un dos eixes prioritarios na loita contra os incendios forestais é a prevención. Neste sentido, previo inicio da campaña de alto risco, aprobouse unha actualización do plan preventivo, unha das pezas fundamentais do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para a presente anualidade 2021 (Pladiga 2021), xunto cos plans de extinción, de detección, disuasión, investigación e de medidas correctoras, e de formación.

No marco dos aspectos máis destacados do plan de prevención atópase a visión de conxunto, xa que engloba actuacións con medios propios da Consellería como con medios obxecto de contratación ou encargo, e tamén froito de convenios e subvencións, contemplando labores preventivos de roza manual, mecanizada, tratamentos silvícolas, mantemento de puntos de auga e preparación e execución de queimas prescritas.

Estas medidas foron postas en marcha entre outras primordiais como o fomento dos polígonos cortalume, que integra a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia como un tipo específico de polígono agroforestal de iniciativa pública con aplicación exclusiva nas áreas cortalume, ou o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a empresa pública Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios.

A estes efectos, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que a colaboración na loita contra a problemática incendiaria é, de igual modo, relevante, sobre todo no eido da prevención. De feito, a Consellería do Medio Rural vén ofrecendo a todos os concellos de Galicia, anualmente, a subscrición de convenios para a participación na prevención e na defensa contra os incendios forestais, así como outras iniciativas de mobilización de terras que permitan anticiparnos aos lumes ao tempo que fomentar a posta en marcha de actividade agrogandeira nas franxas máis próximas ás vivendas, de tal xeito que non sexa necesaria a roza anual.



Nesta liña, tamén é preciso mencionar a cooperación que se ofreceu, por parte da Consellería, ás catro Deputacións Provinciais, en materia de prevención. Unha cooperación que, ata o de agora, unicamente foi aceptada polo organismo provincial ourensá, e que redundou no financiamento conxunto da adquisición de tractores e rozadoiras para que os concellos poidan realizar labores de limpeza de matogueira nos seus respectivos territorios, de cara a minimizar os efectos dos lumes na comunidade galega.

Ao fío do exposto, os deputados e as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da aplicación do plan preventivo deste ano 2021?

Santiago de Compostela, 13 de agosto 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 13/08/2021 13:24:45**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/08/2021 13:25:08**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/08/2021 13:25:29**

**José Antonio Armada Pérez na data 13/08/2021 13:25:37**

**Ramón Carballo Páez na data 13/08/2021 13:25:50**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/08/2021 13:26:11**

**Daniel Vega Pérez na data 13/08/2021 13:26:21**





## A Mesa do Parlamento

**Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Felisa Rodríguez Carrera e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión Europea do 18 de novembro de 2015 e modificado por Decisión de execución da Comisión do 30 de xullo de 2018, prevé na ficha correspondente á medida 19 (Leader) a tramitación de subvencións destinadas á cooperación (submedida 19.3).

Neste marco, mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 30 de xullo de 2018 aprobáronse as bases reguladoras das axudas para a preparación e realización de proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, ao abeiro da medida Leader (submedida 19.3) cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG nº 153 do 10 de agosto de 2018) e mediante a Resolución do 24 de setembro de 2018 da Agader convocáronse subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3, da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural que prevé, en réxime de concorrencia competitiva, 200.000,00 € para a anualidade 2018 e 200.000,00 € para a anualidade 2019.

A través da Resolución do 31 de maio de 2021 (DOG nº 107, do 8 de febreiro de 2021) amplíase a dotación orzamentaria da Resolución do 24 de setembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.3 para as anualidades 2018 e 2019, na que se prevé a execución da convocatoria con cargo ás anualidades 2021 e 2022.

O pasado mes de xullo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), resolvía as axudas para a posta en marcha de diferentes proxectos de cooperación por parte dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia, ao abeiro da medida Leader.



A finalidade destas axudas baséase, primordialmente, no fomento da colaboración entre GDR con intereses compartidos nun determinado ámbito, coa pretensión de avanzar na aprendizaxe mutua buscando solucións conxuntas a problemas concretos. Deste xeito, os proxectos financiados, segundo se publicaba, podían posuír carácter intraterritorial, de participar GDR exclusivamente galegos, interterritoriais, implicando como mínimo a un GDR galego e outro ou outros de fóra da nosa comunidade, e incluso transnacionais, se ao mínimo dun GDR galego se lle suman grupos doutros estados membros da UE ou doutros países de fóra da UE.

Neste sentido, todos os proxectos debían identificar o grupo coordinador da iniciativa e o grupo coordinador específico para Galicia, se fose o caso, así como os demais grupos e entidades colaboradoras, facendo constar capacidades, deficiencias e potencialidades no ámbito de aplicación, os obxectivos perseguidos, a estratexia prevista para cumprilos e as conclusións sobre a repercusión que terán sobre o ambiente, e sobre os grupos de mulleres, mozos e outros colectivos que merezan unha especial consideración da zona.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos que se trata dunha oportunidade para xerar sinerxías entre os 24 GDR galegos, e tamén de cara a establecer conexións simbióticas e de interese para o desenvolvemento local por parte dos GDR da nosa comunidade e o resto de grupos de autonomías españolas e da UE, ou incluso de terceiros países.

Por todo isto, os deputados e deputadas que asinan, formulan a seguinte pregunta:

-Que valoración fai o goberno galego da resolución desta convocatoria e da importancia da cooperación?

Santiago de Compostela, 13 de agosto 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 13/08/2021 13:53:20**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/08/2021 13:53:42**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/08/2021 13:53:55**

**José Antonio Armada Pérez na data 13/08/2021 13:54:03**

**Ramón Carballo Páez na data 13/08/2021 13:54:15**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/08/2021 13:54:31**

**Daniel Vega Pérez na data 13/08/2021 13:54:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 26 de setembro do ano 2020, o buque “Cobija” -inicialmente de bandeira boliviana e logo somalí- fondea, coa correspondente autorización do goberno iemení, no porto Al Mukalla dese país. Dende ese momento, once meses despois, aínda permanece alí, agora retido, nunha situación que a día de hoxe resulta xa insostíbel.

A tripulación do barco eran 32 persoas: Un galego -o patrón Pablo Costas Villar, de Bueu-, un ruso, un peruano, 7 namibios, 4 senegaleses e 18 indonesios.

Sen entrar agora a cualificar e a valorar as razóns que os trouxeron ata aquí, o caso é que a esta altura, as extremas circunstancias nas que se atopan son públicas e perfectamente coñecidas pola sociedade e polas distintas autoridades: Despois de seren acusados por Australia de pesca ilegal e retidos en Al Mukalla, foron xulgados e condenados a tres meses de arresto, que xa cumpriron.

A única persoa que foi evacuada do barco foi o primeiro oficial, de nacionalidade rusa, despois de poñerse en contacto co seu consulado. Nomeadamente, o patrón galego está a vivir un auténtico calvario, pois ao progresivo deterioro do buque e do seu aparataxe, á falla de hixiene, atención médica, e mesmo alimentos e auga,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

súmase a inoperatividade manifesta do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación (MAEC) español.

Isto demostra, entre outros, o feito de que representantes indonesios e senegaleses xa se teñen desprazado a Al Mukalla para interesarse persoalmente polos seus concidadáns e facer as xestións para a súa evacuación, mentres os representantes españois (Consulado en Riad-Arabia Saudí, Consulado en Mascate-Omán Dirección Xeral de Españois no Exterior e Asuntos Consulares do MAEC) limitáronse ata o de agora apenas a facer chamadas telefónicas e a desembarazarse do caso mesmo recomendándolle ao patrón que buscarse pola súa conta un avogado e un tradutor. Aínda agora continúan agardando impasíbeis á celebración dun novo e cuestionábel xuízo á tripulación, nun país inmerso nun conflito bélico, sen as mínimas garantías mesmo dende o punto de vista humanitario.

As distintas declaracións públicas dende o MAEC sobre o suposto contacto permanente que manteñen con Pablo Costas Villar quedan tamén en evidencia ao seren desmentidas polo propio patrón e negadas rotundamente polos seus representantes e pola súa familia confirmando que, nos últimos días e malia á situación de emerxencia humanitaria na que se atopan, non recibiron comunicación algunha do Ministerio.

Mais non é só a insuficiente atención e falla de comunicación por parte do goberno do Estado, ao que Pablo Costas Villar xa lle ten solicitada a súa repatriación. Resulta tamén verdadeiramente chamativo o silencio absoluto por parte das autoridades galegas e a súa falla de pronunciamento e apoio público a un concidadán seu para o que toda axuda e alento son poucos nestes momentos.

Descoñecemos as actuacións, se as houbo, levadas a cabo polo goberno galego para tratar de impulsar e facilitar a saída de Iemen do patrón galego do “Cobija”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tampouco se houbo cando menos contacto e apoio á súa familia, da que xa permanece separado dende hai dous anos.

Nas últimas semanas, nas que as repercusión públicas deste caso están a impactar aos profesionais do mar e á cidadanía galega en xeral, o seu goberno continúa ausente, amosando unha clamorosa falla de interese por un traballador galego, profesional do mar dende hai máis de 33 anos, pola súa familia e pola gravísima situación que están a vivir.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou, e vai levar, a cabo a Xunta de Galiza para tratar de poñer fin á situación de emerxencia humanitaria que está a vivir en Iemen o patrón galego do “Cobija”, Pablo Costas Villar?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/08/2021 10:29:43**

**Paulo Ríos Santomé na data 17/08/2021 10:29:57**

**María do Carme González Iglesias na data 17/08/2021 10:30:02**

**Daniel Castro García na data 17/08/2021 10:30:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de decembro de 2018 expirou o mandato do actual Consello Xeral do Poder Xudicial, órgano máximo de goberno do poder xudicial, do que dependen no só a organización dos xulgados e tribunais, senón mesmo o nomeamento das maxistradas do Tribunal Supremo, ou das persoas que presidirán as salas do Tribunal Supremo, ou das presidencias dos Tribunais Superiores de Xustiza ou Audiencias Provinciais.

Así, unha vez máis, a pesares de que o mandato é para un período de 5 anos as actuais vocais do CXPX estarán no exercicio desas funcións un mínimo dun 40% máis do tempo que legalmente correspondería. Dicimos mínimo pois nada asegura que esta situación de interinidade non se prorrogue indefinidamente.

Tal situación de bloqueo, alén dun flagrante incumprimento dos principios democráticos máis elementais, ven evidenciar a vontade de controlar “pola porta de atrás” á Administración de Xustiza, tentar servirse da Administración de Xustiza, no canto de servir á Administración de Xustiza. Curiosamente tal situación de parálise







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

na renovación do CXPX se esta a producir cando pende sobre o mesmo, entre outras, a cobertura de 3 prazas na Sala do Penal do Tribunal Supremo, no que actualmente se substancian recursos de casación de coñecidos casos de corrupción. Resulta plausible, por coherente e saudable, que un órgano interino e en funcións non realice nomeamentos permanentes e irrevogábeis.

Sen discutir que dado que a Xustiza emana do pobo, sexa a representación do pobo a quen corresponda designar ás persoas que deben administrar e organizar o Poder Xudicial, non pode ser que tal designación poda ficar á vontade exclusiva dunha ou dúas forzas políticas, ou mesmo que un só partido político por motivos descoñecidos poda ser abondo para impedir a ordinaria renovación do órgano máximo de goberno do Poder Xudicial, ou mesmo que estando en funcións, dependa da exclusiva vontade deste continuar en exercicio das súas facultades ordinarias para a provisión dos máis altos, e ás veces delicados, postos en distintos órganos xurisdiccionais . Non contribúe a boa saúde democrática que poda existir a percepción cidadá que un maxistrado ou maxistrada ocupa un posto no poder xudicial, non xa polos seus méritos ou capacidade, senón pola a súa afinidade cun concreto partido político. Esta aparencia, seguramente infundada, prexudica tanto a persoa como o que é máis importante ao propio Poder Xudicial.

Por outra banda resulta dificilmente entendible como nun estado pretendidamente descentralizado -que o propio Presidente da Xunta de Galiza non dubidou en cualificar como federal- órgano de goberno dun dos poderes do estado estea na súa constitución totalmente centralizado e, no caso que os atinxe, ao Parlamento de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Concorda o Goberno Galego coa realidade de que un grupo político poda bloquear indefinidamente a renovación do órgano máximo de goberno do poder xudicial, e que o nomeamento do poder xudicial en Galiza fágase sen intervención ou proposta do Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2021 11:07:02**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/08/2021 11:07:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a vixencia no ano 2020 do convenio sobre mediación intraxudicial no ámbito familiar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dez anos comezouse aplicar en Galiza o sistema de mediación intraxudicial no eido familiar. O éxito das intervencións fixo que se estendera a súa aplicación dende os xulgados de Compostela a do restos dos partidos xudiciais de Galiza.

Os beneficios da aplicación do sistema de mediación, que posibilite un eventual acordo para a solución das situacións de crise matrimonial, sobre o establecemento de medidas sobre a base exclusiva dunha resolución xudicial son evidentes.

Coa aplicación da mediación ás partes manteñen o control das eventuais solucións que se podan dar a controversia. Solución que será pactada por ambas as dúas partes, dándolle o contido que elas, de común acordo, decidan. Non hai vencedoras, nin derrotadas, pois o resultado é o froito da vontade conxunta e do dialogo das dúas partes.

Un eventual acordo permite unha solución máis rápida ao conflito, con maiores visos de ser respectado e observado pola partes e cun menor custe económico e social.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xa que logo as vantaxes son incuestionables, e por iso resulta dificilmente comprensible como, chegado o mes de outubro de 2020 a Xunta de Galiza non asinara convenio algún colexios profesionais da avogacía e psicoloxía para este ano que remata, nin que exista comunicación algunha sobre a continuación futura de estes servizo. É dicir os colexios profesionais prestaron este servizo durante parte do ano 2020 sen a existencia dun compromiso da Xunta de Galiza que abeirase o pagamento, total ou parcial, dos custes de mantemento do mesmo, e o que é peor, esta situación de incerteza sobre o presente e sobre o futuro provoca que este recurso non estea dispoñible a día de hoxe.

En conclusión a pesares dos innegables efectos positivos do sistema de mediación intraxudicial no ámbito familiar, mesmo recoñecidos polo Vicepresidente Primeiro da Xunta de Galiza na súa comparecencia parlamentar para expoñer as liñas básicas da súa consellaría, nesta undécima lexislatura; non consta que a Xunta de Galiza realizase actuación algunha para o funcionamento deste servizo no ano 2020 e tampouco que garantise a dispoñibilidade futura do mesmo

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno Galego concertar ou conveniar cos colexios profesionais da avogacía e de psicoloxía a prestación do servizo de mediación familiar intraxudicial nos anos 2020 e/ou posteriores?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/08/2021 11:14:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2021 11:14:44**

**Iria Carreira Pazos na data 17/08/2021 11:14:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás accións a realizar por Portos de Galiza para garantir a continuidade da Asociación Amigos da Dorna de Portonovo e a súa actuación de recuperación, restauración e promoción das embarcacións tradicionais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Amigos da Dorna de Portonovo ven de facer pública a decisión de Portos de Galiza de negarse a renovar a autorización para os amarres das embarcacións tradicionais da asociación no peirao de Portonovo no que levan de xeito ininterrompido usando o pantalán dende fai 17 anos. Antes de que se instalaran os pantaláns no ano 2003 xa fondeaban as embarcacións.

A Asociación denuncia que dispoñían dunha licenza de ocupación para 12 metros de pantalán para amarrar as súas embarcacións polo período 2017-2020, tentando en varias ocasións renovar a mesma, sempre sen resposta por parte de Portos, moi ao contrario, sacou unha convocatoria para adxudicar estes amarres, de xeito que onde tiñan un espazo reservado para as embarcacións, este foi adxudicado a particulares.

Denuncian tamén que por parte de Portos se está incumprindo o Plan de Usos do porto de Portonovo, xa que este establece que no pantalán que viñan utilizando só poden





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

amarrar embarcacións profesionais ou embarcacións que, sendo de recreo pertencen a unha tipoloxía que non teña cabida no Club Náutico.

Con esta actuación Portos de Galiza mostra unha falta absoluta de compromiso, de sensibilidade coas embarcacións tradicionais, primando o afán de recadación. O BNG xa ten denunciado en moitas ocasións que a Lei de Portos, aprobada en solitario polo Partido Popular, era privatizadora, tiña como obxectivo facer caixa, mercantilizar a actividade portuaria, converter os peiraos en espazos illados da realidade das vilas onde teñen que estar inseridos. O obxectivo é única e exclusivamente o negocio, ten a ver cunha dinámica empresarial de busca do lucro na vez de cooperación e beneficio público.

A decisión tomada por Portos, deixa en situación de indefensión á Asociación e pon en risco a continuidade da mesma e das súas embarcacións, xa que supón a expulsión das mesmas da dársena de Portonovo.

A Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo está inserida en Culturmar, Federación Galega da Cultura Marítima e fluvial que levan a cabo unha moi importante labor de recuperación, conservación e protección do patrimonio que supoñen as embarcacións tradicionais. Labor desinteresada que supón un esforzo tanto económico como en horas de adicación, polo que é preciso apoiar a actividade que realizan.

As embarcacións tradicionais de madeira (dornas, botes polbeiros, trañas, gamelas, lanchas xeiteiras, botes, paquebotes, galeóns... son un conxunto valioso de recursos, ligados á historia e a vida da xente do mar, son testemuño do pasado e presente, son parte da riqueza cultural e etnográfica do país. É precisa a salvagarda e conservación das embarcacións tradicionais como parte do patrimonio cultural galego é





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

unha necesidade e unha obriga, pois acolle os modos e costumes da construción popular e polo tanto mostra da nosa identidade cultural.

Para este fin é imprescindible o compromiso da Xunta de Galiza que debe rectificar e cambiar a política do confronto, persecución e penalización mostrada coa Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo polo diálogo, o apoio e a promoción da actividade que realizan das embarcacións tradicionais e atender as súas demandas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É consciente Portos de Galiza que coa decisión que tomou de non renovar a autorización de amarre á Asociación Amigos da Dorna de Portonovo pon en risco a continuidade da mesma e das súas embarcacións, xa que supón a expulsión das mesmas da dársena de Portonovo?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2021 12:31:09**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/08/2021 12:31:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as auditorías realizadas pola Xunta nas residencias de maiores despois da pandemia e os resultados das mesmas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2020 a Xunta de Galiza anunciou a realización dunha auditoría en todas as residencias de maiores.

Segundo foi trasladado ao Grupo parlamentario do BNG en resposta escrita en marzo de 2021 este “un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus” constitúe un complemento ao plan de inspeccións habitual.

As visitas leváronse a cabo por parte de persoal técnico superior de prevención de riscos laborais que usou un cuestionario de 83 ítems encamiñado a coñecer o grao de preparación fronte á Covid-19, nove meses despois da declaración da pandemia.

Segundo a Consellaría de Política Social, o mesmo persoal desenvolvería unha segunda rolda de visitas posteriores para determinar que medidas implantaron as residencias para introducir melloras.

Porén, nunha se proporcionou información pública algunha sobre estas auditorías.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que información obtivo a Xunta de Galiza das auditorías realizadas nas residencias?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 17/08/2021 13:50:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/08/2021 13:50:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/08/2021 13:50:27**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luis Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O cambio climático ou quentamento global de orixe antropoxénico é na actualidade a maior ameaza á que se enfrenta a humanidade, na medida en que o clima determina, directa ou indirectamente, todos os aspectos das nosas vidas, dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas, de vivenda, auga, etc, e se retroalimenta co resto do sistema biofísico planetario producindo a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis, perda de biodiversidade, incendios de intensidade e periodicidade infrecuente, fenómenos climatolóxicos extremos, e un longo etcétera.

O impacto económico da adaptación ao cambio climático estímase en estudos relativamente recentes entre o 7 % e o 15 % do PIB mundial, aínda que outros estudos menos recentes como o Informe Stern estímalo nun 20 % e case todos os estudosos asumen que estes informes poderían subestimar o dito impacto dado que a incerteza na materia é moi elevada. En especial, a posibilidade de que se desencadeen os chamados bucles de realimentación (liberación de metano por derretemento do permafrost, perda de efecto albedo por diminución do xeo na superficie do planeta, deforestación, etc, etc) que poderían acelerar o cambio climático.

En xeral, as predicións relativas á evolución do cambio climático tenden a empeorar co paso do tempo e co avance da ciencia aplicable. España e Galicia, como zonas de transición climática, son singularmente vulnerables ao cambio climático e as súas consecuencias poden ser máis graves ca noutros países, con graves repercusións sobre a agricultura, gandaría, bosques ou migracións, afectando a toda a sociedade. A declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade do grave impacto do cambio climático e a urxencia de actuar contra el e, en consecuencia, o compromiso de facelo.

O sexto informe do IPCC da ONU, publicado parcialmente o 9 de agosto, reafirma a gravidade do cambio climático e resúmese, na propia nota de prensa remitida polo IPCC, dicindo que, “*a menos que las emisiones de gases de efecto*



*invernadero se reduzcan de manera inmediata, rápida y a gran escala, limitar el calentamiento a cerca de 1,5 °C o incluso a 2 °C será un objetivo inalcanzable”.*

Hai que ter en conta que o IPCC é considerado en xeral un organismo conservador nas súas predicións e extremadamente diplomático nas súas manifestacións, de xeito acorde co seu carácter intergubernamental, polo que as predicións e consideracións contidas no mesmo xeran alarma en calquera persoa sensata.

Incluso sen considerar este alarmante informe, sobran razóns para a declaración de emerxencia climática: aumento das temperaturas, perda de terreo cultivable, desertización, subida do nivel do mar, récords de concentración de CO2 no nivel da atmosfera (de 270 partes por millón antes da revolución industrial a case 400 agora), acidificación do océano, fenómenos meteorolóxicos extremos, migracións masivas e os efectos políticos de inestabilidade que todo o anterior supón aconsellan actuar xa e non demorar nin un só minuto a acción contra o cambio climático. Para maior abastanza, o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas que comezou no século XX e está a acelerarse no século XXI, e son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos actualmente é un efecto máis dese desequilibrio ecolóxico global. Por iso, ducias de países e cidades están declarando a emerxencia climática. España declarou a emerxencia climática a principios deste ano. Cataluña, Castela A Mancha, Aragón, Baleares, Canarias, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Asturias, Murcia, Cantabria, Extremadura, Navarra ou Asturias están en proceso ou declararon xa a emerxencia climática. Tamén decenas de concellos de todo o Estado teñen declarado a emerxencia climática, sendo Vigo a primeira cidade de Galicia en facelo.

Galicia, a diferenza de todas as CC.AA anteriormente mencionadas, quedou adiada e non fixo ningún movemento neste sentido, salvo sacar do caixón a estratexia contra o cambio climático do ano 2005, da que non se lembrou en 15 anos, é retocada no ano 2019, anunciando a bombo e prato que Galicia sería pioneira nesta materia (outra de tantas estratexias publicitarias do Goberno galego), esquecendo que España conta dende principios do ano pasado, e niso si é pioneira dado que foi o primeiro país do mundo en facelo, cunha estratexia de transición xusta no marco do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima.

E iso a pesar de que o Grupo Parlamentario do PP aprobou unha resolución no debate do estado da autonomía do ano 2019 para declarar a emerxencia



climática, unha resolución que nós considerábamos cicateira e falaz, pero que polo menos recoñecía a necesidade de declarar a emerxencia climática. É dicir, non soamente non se declara a emerxencia climática en Galicia senón que a Xunta é incapaz de cumprir as resolucións que adopta este parlamento co voto favorable do PP.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Por que o Goberno galego non declarou aínda a emerxencia climática cando xa o fixeron o Goberno do Estado e a gran maioría das CCAA?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernandez  
Paloma Castro Rey  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/08/2021 10:38:27**

**Paloma Castro Rey na data 17/08/2021 10:38:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/08/2021 10:38:53**

**Patricia Otero Rodríguez na data 17/08/2021 10:39:05**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No mes de xullo a Xunta emitiu un decreto coa finalidade, segundo declarou o seu presidente, de actualizar os elementos básicos da súa identidade corporativa para adoptar unha imaxe máis “sinxela e dinámica” *"más sencilla y dinámica"* que facilite a súa comprensión "adaptada ós novos tempos da comunicación". O presidente da Xunta declarou que *"Tuvimos que buscar el pantone adecuado para que se perciba igual en papel y en pantalla"*, destacando que, para unificar criterios, evitárase o uso de acrónimo en división, organismos e institutos da administración galega e incidírase no concepto de Galicia, ademais de recalcar que, seguindo unha liña “pioneira”, soamente iniciada pola *Rioja*, a tipografía corporativa de la Xunta foi "patentada e rexistrada".

Polo exposto, o deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o custe total da renovación da imaxe da Xunta de Galicia que o presidente da Xunta anunciou no mes de xullo?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernandez  
Paloma Castro Rey  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/08/2021 10:39:34**

**Paloma Castro Rey na data 17/08/2021 10:39:44**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 12 de agosto coñecemos a través dunha nota de prensa do TSXG que a Xunta de Galicia levaba 20 días –concretamente desde que ditou a orde de 22 de xullo que contiña o requirimento de presentar un documento de vacinación obrigatoria ou proba negativa para entrar nos locais dedicados á hostalaría, obrigando a hostalería de Galicia a esixir un certificado de vacinación sen ningún tipo de autorización xudicial.

É a primeira vez en España, segundo o noso coñecemento, que un Tribunal Superior de Xustiza ten que explicarlle, a través dunha nota de prensa, a un goberno autonómico que unha medida restritiva de dereitos fundamentais non ten vixencia se non está autorizada xudicialmente. O propio TSXG cualifica a actuación do Goberno galego de “anómalo proceder por parte de la Xunta”, o cal é, evidentemente un eufemismo para denominar unha grave ilegalidade cometida por unha administración que –a pesar de estar fortemente suxeita ó principio de legalidade- permítese restrinxir un dereito fundamental como é o de libre movemento unilateralmente, sen contar con autorización xudicial ou cun estado de alarma que respalde tal restrición.

Ante esta situación, a Xunta límitase a dicir que vai solicitar a autorización xudicial, cando esa medida ilegal leva 20 días aplicándose sen ningún tipo de validez porque non foi autorizada xudicialmente.

A característica dunha democracia é o respecto ás normas, e senón se respectan as normas, non pode haber democracia porque se a Xunta está lexitimada para saltarse a lei haberá quen se sinta lexitimado para facer o que lle dea a gana, non respectar as restricións ou, xa postos, non pagar impostos.

Polo exposto, o deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:







Como valora a Xunta de Galicia o feito de que o TSXG teña que emitir o 12 de agosto unha nota de prensa lembrándolle que a orde de 22 de xullo relativa á esixencia de certificado de vacinación na hostalería non ten vixencia porque non foi sometida a autorización xudicial, a pesar do cal a administración autonómica levaba obrigando á hostalería a aplicar esa orde 20 días?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernandez  
Paloma Castro Rey  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/08/2021 10:39:59**

**Paloma Castro Rey na data 17/08/2021 10:40:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cambio de titularidade de bens adquiridos por entidades bancarias.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crises económicas vividas nos últimos anos, tanto a de orixe financeiro resultante do estoupido da burbulla inmobiliaria, como a que actualmente padecemos como consecuencia da pandemia orixinada pola Covid, unidas á escasa e tardía reacción das administracións públicas competentes provocou un extraordinario impacto na cidadanía, sendo especialmente devastador nas clases medias e traballadoras.

Foi e segue a ser elevado o número de procedementos concursais e de execución hipotecaria mediante os que moitas entidades financeiras e prestamistas estean a adquirir propiedades inmobiliarias de persoas que non puideron afrontar os créditos e débedas que mantiñan coas entidades acreedoras.

O certo é que son numerosos os casos en que os cambios na titularidade de inmóbeis, rústicos e mesmo urbanos, consecuencia de procesos de execución hipotecarias ou de impagos de débedas non son inscritos nos respectivos rexistros da propiedade ou administrativos. Xa que logo a propiedade real da finca non se corresponde coa administrativa ou rexistral, o que deriva na dificultade das Administracións Públicas ou de Comunidades de Propietarios de identificar e localizar





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ás verdadeiras propietarias dos inmóbeis. Dificultade que se transforma en imposibilidade ante o pasamento, emigración ou desaparición da persoa que puidera constar como titular formal da propiedade que non fai posible a reanudación do tracto sucesivo, nin a actualización dos rexistros.

Malia que certamente na lexislación actual a inscrición rexistral é potestativa, non así a comunicación dos cambios de titularidade a, por exemplo, o catastro, algo que en numerosos casos se está a incumprir polas entidades financeiras executantes e/ou adquirentes. A falla de contribución aos gastos xerais da comunidade de propietarios ou de mantemento de parcelas rústicas son algunhas das consecuencias que está a provocar o incumprimento polas entidades financeiras do deber de comunicar os cambios de titularidade producidos. O deterioro dos inmóbeis, o risco de incendios ou a asunción polos concellos dos custes de desbroce e limpeza de fincas e solares, son algunhas das realidades que están a producir polas infraccións das entidades financeiras adquirentes de inmóbeis, obrigando as prexudicadas a iniciar un longo e incerto peregrinaxe xudicial para resarcirse dos prexuízos sufridos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que os rexistros administrativos reflicten a realidade sobre a titularidade dos bens inmóbeis adquiridos por entidades bancarias en procesos de execución?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/08/2021 18:48:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2021 18:48:46**

**Iria Carreira Pazos na data 17/08/2021 18:48:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/08/2021 18:49:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente ao chegar a época estival os concellos galegos vense na necesidade de procurar socorristas que permitan a apertura e funcionamento das piscinas municipais, que nos meses de verán constitúen un dos principais espazos de esparcemento e lecer da cidadanía nos que mitigar as, cada vez máis elevadas, temperaturas. No interior do país constitúen a principal alternativa (non a única) os rigores climatolóxicos.

Consonte á normativa actualmente vixente, as piscinas de uso público, como norma xeral, haberán dispor, de polo menos un socorrista, se ben, dependendo da superficie da lámina de auga dos vasos ou do número destes e da distancia que os separe, podería cumprir un número máis elevado de socorristas

Dende os últimos anos o cumprimento da medida preventiva indicada está a supor un grande obstáculo para moitos dos concellos do país. Insalvável en non poucos casos e que leva á renuncia de moitos concellos á apertura da piscina municipal, co grande prexuízo que tal implica tal decisión para a poboación do concello. Poboación que na meirande parte dos concellos galegos vese incrementada, nas épocas do verán,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tanto polo turismo, como polo importante número de emigrantes que veñen pasar os seus días de feiras aos seus lugares de orixe.

O certo é que ano tras ano estamos a ver como os concellos galegos teñen enormes dificultades para cubrir as prazas de socorristas precisas para a apertura das súas instalacións acuáticas, sen que conste a existencia de accións por parte da Xunta de Galiza destinadas a rematar con tal carencia, sen afectar -obviamente- á seguridade das persoas usuarias do servizo.

Máis unha vez as axudas da Xunta de Galiza destinadas á contratación polos concellos de persoal para o servizo de socorrismo chegan unha vez iniciado o verán, o que limita extraordinariamente as posibilidades de contratación e as condicións nas que se poda proceder á necesaria contratación. Resulta evidente que se ate finais de xuño un Concello non coñece as achegas de que vai dispor dificilmente poderá organizar o servizo, e as condicións laborais que poderá ofertar, o que condiciona o acceso do persoal necesario para o funcionamento da instalación acuática. As condicións laborais, a seguridade e fiabilidade na demanda, que permita confiar en posteriores é un elemento determinante na decisión de moitas persoas en investir na capacitación técnica que permita exercer a actividade de socorrismo, como tamén o é a necesaria asunción dos custes formativos de tal capacitación profesional.

Así a escaseza de cursos de formación e o seu elevado custe limita a oferta de persoas capacitadas para o desenvolvemento de tarefas de socorrismo e salvamento que, ante a ausencia de promoción pública de medidas formativas, vese na obriga de realizar importantes desembolsos para adquirir a capacitación necesaria para exercer unha actividade de incerta duración -en todo caso estacional- e con baixas retribucións o que dificulta un eventual retorno do investimento.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En todo caso, entendemos que non se pode contemplar como alternativa para o incremento da oferta unha redución na formación e capacitación. O incremento na oferta terá que vir da man da mellora nas condicións laborais e de facilitar o acceso á formación, e non a costa de reducir os coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño da actividade, que o único que permitirá será avanzar na precarización laboral e nunha diminución da seguridade e calidade do servizo de salvamento, co evidente risco que implicaría para as usuarias dos espazos acuáticos.

Son varios os concellos da comarca de Valdeorras que ante a imposibilidade de atopar socorristas renunciaron á apertura das piscinas públicas, advertencia que para futuros anos xa realizaron outros moitos concellos galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que a ausencia de cursos formativos descentralizados, e a precarización laboral, afectan ao escaso número de persoas dispostas a traballar de socorristas nos areas e espazos acuáticos públicos de Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**María González Albert**

**Daniel Pérez López**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/08/2021 18:59:58**

**María González Albert na data 17/08/2021 19:00:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2021 19:00:16**

**Daniel Pérez López na data 17/08/2021 19:00:25**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo postal no concello de Pontedeuva e limítrofes da provincia de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo postal foi a segue a ser un dos servizos básicos e esenciais no rural galego. A elevada media de idade da poboación que reside no noso rural, a dispersión nos núcleos de poboación, xunto coa inexistencia dunha rede de comunicacións en todo país dota ao servizo postal dunha singular importancia que, noutras circunstancias, non tería, ou, cando menos, non coa mesma intensidade.

Mostra do indicado é que a pesares da aparición e consolidación de novos avances tecnolóxicos o número de envíos postais nos últimos anos experimentou unha redución superior a outras partes do país ou do estado, nos que a redución do cadro de persoal non foi tan importante.

Na última década o número de carteiros rurais destinados na provincia de Ourense diminuíu en máis dun 30%, continuando actualmente esta tendencia á redución do cadro de persoal co conseguinte detrimento na prestación do servizo.

Á falla de cobertura e substitución nas baixas ou permisos dos traballadores, a amortización das prazas das xubilacións provocan unha redución no cadro de persoal





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que se ve imposibilitado de prestar un servizo de calidade, nin nas condicións legalmente esixíbeis.

Igualmente, a supresión no ano 2020 da oficina técnica de Cortegada, convertida en oficina satélite cunha redución de case o 50% no tempo de atención ao público, foi un paso determinante en deterioro na prestación do servizo postal nos concellos de Cortegada, Padrenda, Gomesende e Pontedevea.

A precarización do emprego postal que atende a zona de Pontedevea na que só un dos cinco postos de traballo de carteiros previstos na RPT sexa fixo, sen que se proceda á cobertura da totalidade das prazas, nin sequera nas épocas de maior actividade, contribuíndo a un maior deterioro no servizo e a incrementar a carga de traballo e o territorio a atender polo persoal existente. Situación agravada polo feito de que, aínda no día de hoxe, nos referidos concellos non se procedeu á numeración dos inmóbeis, circunstancia que dificulta considerablemente a entrega dos envíos postais.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego axeitado o servizo postal que se esta a prestar no rural ourensán e, no seu caso, que xestións realizou para a súa melloría?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/08/2021 19:47:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/08/2021 19:47:25**

**María González Albert na data 17/08/2021 19:47:33**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a conectividade dos concellos galegos e as súas consecuencias na concesión de axudas e subvencións da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén convocando procesos de concorrencia non competitiva para a concesións de axudas e subvencións destinadas aos concellos de Galiza.

Así, por exemplo no o DOG núm.15 de 25 de xaneiro de 2021 publicouse a Orde de 30 de decembro de 2020 na que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021. Liña, esta, pola que se prevé a adxudicación de subvencións por un importe de máis de 6 millóns de euros.

Igualmente e aos mesmos efectos ilustrativos, sinalar a Orde de 5 de marzo de 2021 (DOG de 8 de marzo) na que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas á creación de mellora de infraestruturas nos concellos de Galiza con poboación inferior a 20.000 habitantes, para o ano 2021. Neste caso a partida a distribuír, con carácter de ampliable, é superior aos 2,3 millóns de euros.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Xa que logo nas referidas convocatorias, que se citan a modo de exemplo, o único criterio para o reparto das axudas e subvencións é a orde de presentación de solicitudes, debendo presentarse as solicitudes necesariamente por medios telemáticos e sendo o momento inicial para o rexistro dende as 00,00 horas do día que corresponda, en función da publicación no DOG da Orde respectiva.

O sistema aplicado pola Xunta de Galiza de concorrencia non competitiva, a ausencia de criterios obxectivos e da valoración e análise dos proxectos que se presentaren, evidencian un sistema -no mellor dos casos- altamente ineficiente na distribución de recursos públicos. Non existe, nin se pretende, vontade de financiar os mellores proxectos, nin aqueles que mellor cumpran os fins aos que se adican os fondos, senón os daqueles Concellos que sexan máis rápidos na presentación das solicitudes.

A estrutura organizativa dos Concellos e sobre todo a conexión a internet serán os elementos determinantes para a concesión das achegas públicas.

Tendo constancia de que existen numerosos concellos que aínda carecen dunha conectividade axeitada, resulta que son duplamente penalizados por tal circunstancia, pois ademais das limitacións inherentes a tal circunstancia, vense impedidos no acceso ás achegas públicas; sendo a poboación deses Concellos quen sofre, no seu benestar e na calidade dos servizos públicos, as consecuencias das deficiencias da súa conexión á rede.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Entende o Goberno Galego que é eficiente, non discriminatorio, e que contribúe ao reequilibrio territorial a adxudicación de axudas e subvencións aos concellos polo sistema de concorrencia non competitiva?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Daniel Castro García**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/08/2021 19:52:20**

**Daniel Castro García na data 17/08/2021 19:52:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/08/2021 19:52:41**

**Iria Carreira Pazos na data 17/08/2021 19:52:50**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia vén regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento desenvolve no seu capítulo II a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 9.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, aínda que no seu punto 4 indica en que casos se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/08/2021 13:51:12**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/08/2021 13:51:24**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/08/2021 13:51:41**

**Patricia Otero Rodríguez na data 17/08/2021 13:51:57**





## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados cos convenios de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural e determinados concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/08/2021 13:41:50**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/08/2021 13:42:04**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/08/2021 13:42:16**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de



subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

“I.-Financiamento:

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciabile e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

- Regulación do Fondo galego de cooperación local.
- Fondo de compensación interterritorial
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos
- Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”

Pasados 14 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e sen que se teña desenvolto na súa totalidade, é momento de iniciar o debate sobre un II Pacto Local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, que estableza claramente as competencias de cada administración, así como a suficiencia financeira para levalas a cabo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego abordar o debate sobre a actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/08/2021 13:44:09**

**Pablo Arangüena Fernández na data 17/08/2021 13:44:28**





**Paloma Castro Rey na data 17/08/2021 13:44:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Resolución do 26 de xullo, de Portos de Galiza, “pola que se aproba o levantamento da prohibición da práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo portuarias e se aproba o procedemento de declaración responsábel para a súa práctica en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galiza”, vén de poñer fin a case 50 anos de proscripción dunha actividade que, malia ás restricións, realizouse sempre en maior ou menor medida nos portos galegos.

Aínda non estando permitida a actividade nas instalacións portuarias, viña atraendo a miles de afeccionados aos distintos peiraos de todo o país, afluencia que en máis dunha ocasión ten causado liortas entre eles pola falla de espazo ou na busca do mellor lugar para a práctica da pesca de lecer.

A pandemia veu a agravar este problema de espazo ao non se poderen manter en todos os casos as distancias establecidas e, sobre todo nalgúns portos, as leas foron a máis e tamén os conflitos entre os afeccionados e os mariñeiros adicados á pesca profesional.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A finais de 2020, as licenzas expedidas en Galiza para a pesca recreativa acadaban arredor das 80.000. Este volume, as circunstancias impostas pola pandemia, os conflitos que xa se remontaban ao 2017 e a detección de feitos en varias localidades onde algúns furtivos comercializaban as súas capturas, levaron á Consellaría do Mar a actuar en dúas fronteas: Primeiro, despregando axentes gardacostas en distintos portos que expulsaron a numerosos pescadores dos peiraos e impondo sancións por incumprimento da Lei de Pesca de Galiza. E, despois, a anunciar publicamente que Portos estaba estudando a autorización “limitada” nos peiraos.

O 4 de febreiro deste ano debateuse unha proposición non de lei na Comisión de Pesca do Parlamento de Galiza, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, onde se instaba á Xunta “a estudar e habilitar unha fórmula para facer compatíbel a autorización da práctica da pesca deportiva dende as dársenas portuarias, en condicións de seguridade, normalidade e sustentabilidade, e sempre que non se entorpezan os labores dos profesionais do mar e outras actividades propias dos portos”. Dita proposición foi apoiada por todos os Grupos con representación no Parlamento galego, aínda sen coñecermos cal era a fórmula concreta que naquela altura xa estaba a barallar Portos de Galiza, que xa viña tendo contactos coas distintas federacións deportivas e asociacións dende o mes de novembro de 2020. Nomeadamente coa “Federación Galega de Pesca Marítima Responsable (FEDPEMAR)”, coa “Federación Galega de Pesca y Cásting” e coa “Asociación Galega pola defensa da Pesca Recreativa-AGADPER”.

Após varias reunións, e tamén varias mobilizacións de afeccionados reclamando volver aos portos, a finais do mes de xuño Portos de Galiza presenta o documento definitivo para a pesca recreativa nos portos de titularidade autonómica acordado coas distintas entidades asociativas. Nel, recollíase que dos 122 portos galegos, en 103 permitiríase o uso das canas, mais en 76 deles con restricións, acotando espazos





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

específicos para non interferir co traballo da pesca profesional. En 19 portos quedaba prohibida totalmente a pesca recreativa.

Segundo se informou, foron varios os criterios técnicos empregados para determinar a aptitude ou non dun peirao para a actividade da pesca de lecer: As dimensións da rada, o grao de uso por parte dos profesionais do mar, as zonas de aparcamento, as ubicacións das lonxas e das fábricas de xeo, os accesos, as escolleras, o tráfico de mercadorías, etc.

Tanto a Federación Galega de Pesca Marítima como a Asociación Galega para a Defensa da Pesca Recreativa cualificaron publicamente o documento como un bo punto de partida mais no que aínda cabían moitas melloras.

Finalmente, o DOG do pasado 6 de agosto autoriza a pesca recreativa en 107 portos galegos. En 79 deles permitirase en zonas especificamente habilitadas, en 28 non haberá restricións e en 15 queda totalmente prohibida, e establece unha serie de condicións aos interesados en practicala: Ademais de contar con licenza de pesca marítima recreativa en superficie, deben darse de alta na sede electrónica da Xunta cunha declaración responsábel, ter un seguro de responsabilidade civil e facer unha declaración xurada na que se comprometen a cumprir coas normas fixadas nas instalacións portuarias. Tamén deberán manter unha distancia de 5 mts. entre eles, levar só un acompañante e depositar os residuos que xeren fóra do porto.

O 7 de agosto, Portos de Galiza publica na súa páxina web os planos dos peiraos onde se pode pescar legalmente. Dende ese momento comeza unha nova “batalla” dos afeccionados provocada por consideraren que moitas das zonas habilitadas son absolutamente inaxeitadas e onde as condicións impostas son imposíbeis de cumprir, como a distancia entre pescadores ou a prohibición incomprensíbel de non poderen usar os contedores portuarios.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mais a principal polémica derívase das zonas que se habilitaron para a práctica da pesca de lecer. Zonas que en moitos casos son perigosas e inaccesíbeis, noutros onde xa non se ía porque non hai pesca, noutros son inútiles porque quedan en seco coa baixada da marea e noutros tantos onde os tramos son excesivamente pequenos e/ou inaxeitados.

As propias entidades que se reuniron varias veces cos representantes de Portos ao longo dos últimos meses recoñeceron que as zonas delimitadas non estaban acordadas con eles e, deste xeito, o malestar vai *in crescendo* e estendéndose a moitos puntos do país: Anuncios de recursos por parte de afeccionados e entidades, recollidas de sinaturas en contra das zonas, declaracións de alcaldes e alcaldesas que piden a renegociación da norma ...

En definitiva, un traballo de arredor de dez meses que Portos de Galiza vén de tirar pola borda ao non acordar co resto das partes o último extremo. O resultado é malestar, indignación, e creación de máis problemas que os que existían antes da publicación da norma.

Moitos afeccionados, e tamén as asociacións entenden que este non pode ser o punto final a un proceso de ordenación que era necesario mais que se estragou no seu remate. Cren firmemente en que é posíbel compatibilizar a actividade profesional coa de lecer e nese sentido están dispostos a propoñer e a alegar para que os criterios técnicos podan conxugarse co sentido común.

Mentres, Portos de Galiza e a propia Consellaría do Mar continúan a dar pasos totalmente erráticos e incomprensíbeis neste proceso, pasos que só levan á confusión e a acrecentar o malestar dos afectados, creando excepcións “ad hoc” para cada caso e promovendo, fóra da norma, pactos entre os distintos sectores.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Evidentemente ese non é o camiño para a resolución dos problemas. As excepcións poden crear aínda máis agravios e, unha vez conseguido o obxectivo fundamental, levantar a prohibición da pesca de lecer en zonas portuarias, débese continuar traballando para acadar o maior consenso na totalidade da norma, de xeito que sexa de fácil aplicación posterior, provoque o menor número de problemas e prexuízos posíbel e garanta os mesmos dereitos e obrigas para todos aqueles a quen vai dirixida.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para chegar a acordos co sector da pesca de lecer e mellorar as zonas habilitadas para a actividade nos peiraos da súa competencia?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 18/08/2021 11:18:40**

**María do Carme González Iglesias na data 18/08/2021 11:18:51**

**Daniel Castro García na data 18/08/2021 11:19:00**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro de 2021, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e publicou a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2019, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión. No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).



Por iso, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego dos obxectivos acadados con esta subvención?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/08/2021 11:45:10**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/08/2021 11:45:21**

**Paloma Castro Rey na data 18/08/2021 11:45:34**

**Pablo Arangüena Fernández na data 18/08/2021 11:45:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela produciuse recentemente un surto de COVID-19 que afectou, segundo os datos actualizados o pasado luns 16 de agosto, a 44 residentes e 8 traballadoras e traballadores. Das 44 persoas residentes afectadas 37 foron diagnosticadas mediante proba PCR e 7 mediante proba de antíxenos, e entre persoal do centro 3 diagnosticáronse mediante proba PCR e 7 mediante proba de antíxenos. Está previsto, ademais, que se lle faga unha PCR a todo o persoal en activo vinculado ao centro (unhas 200 persoas) entre o martes de tarde e o mércores de mañá.

O persoal definiu a situación como caótica e denunciou falta de transparencia na xestión do surto e, nomeadamente, o feito de que nin desde o centro nin desde a Xefatura Territorial se lle fornecese a información pertinente desde o primeiro momento. Piden ser informados de primeira man no futuro por parte do centro ou da Xefatura Territorial para “non ter que enterarse por rumores ou polos compañeiros”.

Afirma tamén o persoal que se chegou a esta situación malia se teren cumprido en todo momento os protocolos marcados tanto por Sanidade como por Política Social,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

o que evidencia a necesidade de que desde a Xunta de Galiza se revisen e melloren os protocolos para evitar novos surtos no futuro. Neste sentido, o propio Comité de Empresa de Política Social de Pontevedra amosan o seu temor por que esta situación se poida repetir noutros centros residenciais e critican que se “fagan protocolos xeneralistas, sen ter en conta o tipo de centros ou o tipo de usuarios”.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten pensado tomar a Xunta para mellorar a resposta e os protocolos ante casos como o acontecido no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/08/2021 11:50:30**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 18/08/2021 11:50:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2021 11:50:48**





## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

### 3.1. Financiamento local.

3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito plan:

4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais

4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento



- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/08/2021 12:31:12**

**Pablo Arangüena Fernández na data 18/08/2021 12:31:25**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 18/08/2021 12:33:01  
**Nº Rexistro: 20121**  
Data envío: 18/08/2021 12:33:01.336

**Paloma Castro Rey na data 18/08/2021 12:31:38**

CSV: BOPGDSPG0fpPXiqY06  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os gromos que se están a rexistrar nas residencias de maiores.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que iniciou e, especialmente, desde que se completou a campaña de vacinación entre o persoal e usuarias das residencias de maiores o número de persoas contaxiadas con Covid-19 reduciuse enormemente. Tamén o número de falecementos o que demostra a efectividade das vacinas na loita contra o virus.

Así as cousas, a vacina non impide que as persoas poidan contaxiarse como así evidencian os gromos detectados nos centros nos últimos meses. Cifras que fican moi lonxe dos contaxios masivos rexistrados nas primeiras vagas e con resultados moito menos agresivos para as persoas usuarias, mais que non deben facernos esquecer que continúan a ser persoas vulnerábeis.

É evidente que o virus continúa a circular nas residencias de maiores, como tamén o fai fóra delas. Malia a mellora da situación a respecto doutros momentos anteriormente, non debemos nin podemos baixar a garda diante dun virus aínda pouco coñecido e das posíbeis variacións do mesmo. É importante manter sistemas de vixiancia e control que permitan actuar con previsión e anticipación máis aínda co coñecemento adquirido durante o último ano a respecto das consecuencias da Covid-19 entre a poboación vulnerábel.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de detección e prevención da Covid-19 mantén en vigor a Xunta de Galiza nas residencias de maiores?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 18/08/2021 12:33:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2021 12:33:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2021 12:34:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o número de persoas falecidas en residencias de maiores en Galiza

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza continúa a impedir o acceso a información pública relevante sobre o impacto da Covid-19 entre a poboación usuaria de residencias de maiores.

Neste senso, impídese o acceso ao número de persoas falecidas desagregado por centros no caso das residencias privadas (a inmensa maioría da oferta en Galiza) vulnerando os dereitos do conxunto da poboación mais tamén do Parlamento e dos grupos con representación na Cámara. E é que a Valedoría do Pobo xa advertiu ao goberno galego de que estes datos son información pública e, como tal, debe ser garantido o seu coñecemento público o que non impediría a súa publicación ou difusión.

Porén, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes empresas que copan o mercado das residencias (como DomusVI) antes que protexer e velar polo exercicio dos dereitos das galegas e galegos.

Recentemente, o xornal Praza Pública tivo acceso aos datos de falecementos en residencias públicas. Da análise dos meses tíranse dúas conclusións fundamentais, de enorme interese para o debate sobre o novo modelo de residencias:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Primeiro.- En conxunto, o maior número de persoas falecidas en residencias públicas rexistráronse naquelas que foron privatizadas: residencias de Ribeira, Laraxe, Concepción Arenal e Bande. Todas elas xestionadas por DomusVI.

Segundo.- A pandemia afectou máis os centros máis grandes, nomeadamente aqueles que superan as 100 prazas. É o caso da residencia Nosa Señora dos Milagres (Ourense).

Así as cousas, máis dun ano despois de declararse a situación de pandemia resulta incomprensíbel que os grupos parlamentarios, os medios de comunicación e, en xeral, o conxunto da sociedade galega, non coñeza toda a información e a Xunta de Galiza vete o acceso a datos relevantes que permitan analizar en detalle e con todo o rigor, o impacto da Covid-19 nas residencias de maiores.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que reflexións tira o Goberno galego dos datos de falecementos nas residencias de maiores públicas?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/08/2021 13:19:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/08/2021 13:19:05**

**Iria Carreira Pazos na data 18/08/2021 13:19:13**



## Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que pechará a única sucursal que ten no concello de Campolameiro, quedando así sen o servizo bancario diario que presta unha entidade financeira.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, que se deberá desprazar a sucursais doutros municipios como Moraña (8 km) Cerdedo-Cotobade (13 km) para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Este peche, vai repercutir moi negativamente na calidade de vida de toda a poboación, pero aínda máis na de máis idade, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal.

A corporación municipal por unanimidade mostrouse en contra deste peche, aprobando no Pleno do día 16 de agosto por unanimidade, unha condena ao peche e un decálogo de 11 iniciativas e medidas a levar a cabo, se se produce o peche definitivo da oficina bancaria, previsto para o día 8 de setembro.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.



A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico.

É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Vai realizar o Goberno galego algunha xestión para evitar o peche da sucursal do concello de Campolameiro, que deixaría a súa poboación sen este servizo?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 18/08/2021 13:03:11**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/08/2021 13:03:21**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 18/08/2021 13:03:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e María González Albert**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado dos encoros de Ourense como consecuencia da sobreexplotación hidroeléctrica e as consecuencias que provoca.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os desorbitados prezos da enerxía eléctrica, marcando continuamente máximos históricos, que mesmo chegar a triplicar o prezo -xa elevado- acadado o pasado ano; están a propiciar unha sobreexplotación dos recursos hídricos a cargo de empresas hidroeléctricas movidas por unha extraordinaria cobiza. Novamente estamos a padecer a primacía dos intereses económicos de empresas privadas do sector eléctrico sobre a conservación medioambiental e a disposición social sobre os recursos naturais.

Nas pasadas semanas, en plena época estival - mesmo en momentos de estado de alerta por vaga de calor extremo- no que as precipitacións son inexistentes, empresas hidroeléctricas desenvolveron unha intensa actividade en encoros da provincia de Ourense provocando o baleirado dos mesmos, reducíndose ate límites históricos. Faise realidade o dito popular “a cobiza non ten límites”.

Así, actualmente, diversos encoros da provincia de Ourense como o de Cenza en Vilariño de Conso que está a un 15,09 % da súa capacidade, un 53,42% por baixo do seu promedio habitual, ou o de Portas, tamén no concello de Vilariño de Conso, a un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

16,37%, que representa unha variación superior a un 60% sobre a media da súa capacidade ordinaria.

Tal situación de sobreexplotación hidrolóxica neste época estival está a provocar que ríos como o Arenteiro, Arnoia ou Limia estean nun nivel que, o organismo de conca, cualifica como baixo; algo que tamén acontece no río Miño que presenta un nivel moi baixo.

A capacidade doutros encoros se ben non é tan alarmante, non deixa de ser preocupante toda vez que o estado actual da súa capacidade non chega ao 50% do seu promedio ordinario, como por exemplo nos casos dos encoros de Albarellos ou Salas.

Igualmente significativa é a súbita redución do nivel das augas dalgúns encoros nos que, coincidindo (seguramente non por acaso) coa suba do prezo da electricidade, a súa capacidade viuse reducida en apenas un mes en máis dun 27%. da súa capacidade.

As consecuencias de tales accións empresariais están a ter importantísimas consecuencias sociais e medioambientais no territorio e na economía da zona. De tal xeito que no encoro das Conchas, no concello de Muíños, tivo que prohibirse o baño dado nivel de contaminación por cianobacterias, propiciada pola drástica redución do nivel de auga que, como xa advertían as asociacións ecoloxistas, fomenta a súa proliferación.

A redución do caudal dos ríos e o eventual incumprimento do caudal ecolóxico produce un evidente impacto negativo sobre a súa fauna acuática, denunciándose casos nos que a xente pode coller as troitas en cubos por quedaren charcas con peixes atrapados.

Igualmente o súbito baleirado dos encores produce unha evidente afectación na actividade social e económica da zona, cuxa poboación novamente resulta prexudicada





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

polas explotación económica do recursos naturais do seu territorio. Especialmente ilustrativa é a queixa que realizaba uns días un alcalde dun municipio ourensán que recoñecía que de continuar o baleirado do encoro do seu concello -consecuencia da cobiza da concesionaria da explotación hidroeléctrica para aproveitar os elevados prezos da electricidade- se impediría a práctica de actividades acuáticas como a vela, piragüismo, ou remo que constitúen un importante reclamo para atraer a turistas e visitantes ao concello. Asemade o rápido descenso das augas impide a práctica de actividade como a pesca fluvial.

En suma estamos en presenza de actuacións realizadas por concretas e determinadas empresas hidroeléctricas que na procura de maiores rendementos económicos e aproveitándose dos desorbitados prezos da enerxía, están a provocar un grave deterioro medioambiental, económico e social no territorio e na poboación, que doutra volta ve como os recursos naturais están subordinados aos exclusivos intereses de empresas privadas, sen que conste actuación algunha por parte da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou o Goberno Galego para impedir o baleirado dos encoros galegos por parte das empresas hidroeléctricas, así como para compensar os prexuízos medioambientais, económicos e sociais que están a provocar?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María González Albert**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/08/2021 13:49:16**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/08/2021 13:49:19**

**María González Albert na data 18/08/2021 13:49:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/08/2021 13:49:35**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o abastecemento de auga potable no concello de A Merca.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza.

En abril de 2016 convocase concurso de ideas para a elaboración de anteproxecto de adaptación do Complexo do Hospital Antigo Xeral de Vigo na Cidade de Xustiza de Vigo. Concurso que foi resolto no mes de novembro en favor do anteproxecto presentado polo arquitecto D. Alfonso Penelas Fernández.

Posteriormente, contratouse a D. Alfonso Penelas a redacción do proxecto básico e de execución e do servizo de dirección de obra para a execución das obras de adaptación do complexo hospitalario en cidade da xustiza. Outorgádoselle ate o 29 de setembro de 2017 para a presentación dos proxectos da referida cidade da xustiza.

En febreiro de 2017 anúnciase procedemento para a contratación da fase de demolición das obras de rehabilitación do Complexo Hospitalario para conversión en Cidade de Xustiza conforme ao proxecto presentado por D. Alfonso Penelas e aprobado pola Xunta de Galiza en febreiro de 2017, sendo adxudicado por un importe de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1.857.655,2 € e sendo ampliado o prazo de execución en dúas ocasións, decembro de 2017 e abril de 2018.

Asemade no mes de febreiro de 2017 convocase a licitación da contratación da elaboración de diversos estudos e informes técnicos para “un completo análise do estado actual da edificación que garante a viabilidade técnicas das diferentes actuacións arquitectónicas que se vai levar a cabo sobre este complexo de carácter hospitalario e que se quere converter na Cidade da Xustiza de Vigo”. Análise que finalmente foi contratada coa empresa Euroconsult, S.A. por importe de 105.996 €, ive incluído.

No mes de novembro de 2017 houbo licitarse a ampliación do contrato das obras de demolición por un importe de 638.429, 84 €, isto é, un 30% máis do inicialmente prevista. Xa que logo xa na primeira fase e a pesares dos proxectos e informes contratados existiu unha desviación (un incremento) de máis dun 30%.

A segunda fase do proxecto, consistente na execución das obras de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo, foi adxudicado en marzo de 2018 á empresa Construcciones San José por un importe de 22.506.528, 11€ máis IVE, superando, xa que logo, a cantidade de 27,2 millóns de euros, cun prazo de execución de 21 meses.

Contrato de obras que, ao igual que o de demolición, foi obxecto de ampliación ante aparición de “novas circunstancias non previstas no proxecto inicial” por un importe superior aos 8.800.000 € máis IVE, isto é, unha variación superior ao 39% do prezo da adxudicación inicial.

Este novo “contratempo” xustificouse no mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral (“estructuras metálicas deficientes e forxados sen capa de compresión”, en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Semella





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%, en cada unha das fases -demolición e construción- nas que se dividiu o proxecto de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo. So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que existiu algunha negligencia nas consideracións e apreciacións contidas nos estudos elaborados por Euroconsult ou na aplicación realizada dos mesmos que provocasen unha diferenza tan elevada sobre o custe inicialmente previsto das obras para a adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/08/2021 18:33:13**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/08/2021 18:33:27**

**María do Carme González Iglesias na data 18/08/2021 18:33:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/08/2021 18:33:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos é recorrente a falta de persoal de enfermería na EOXI de Lugo, Cervo, Monforte, o mesmo acontece co persoal médico de atención primaria. Non se pode achacar isto a unha soa cuestión, nin tan sequera a unha soa administración pública, é polo tanto unha cuestión multifactorial. Debido á súa complexidade no canto de sentarse co problema enriba da mesa para atoparlle unha solución dende as distintas políticas o que se fixo ata o de agora foi deixar correr o tema co resultado que estamos observando. Un resultado prexudicial para o persoal e máis para a cidadanía usuarias dos servizos sanitarios.

O persoal da Sanidade, que non só o sanitario, ten de xeito habitual unha penosidade específica no desenvolvemento do seu traballo, sexa cal sexa o seu campo de actuación, aínda que é certo que en certos niveis esta penosidade pode verse incrementada. Esta condición de penosidade viuse incrementada polo sobreesforzo realizado nesta pandemia, parece obvio que este sobreesforzo tería que ser compensado nalgún momento, para iso non chegan nin aplausos nin sequera subidas de salario... e aquí márcase un feito diferencial entre categorías profesionais, xa que nalgunhas non é posible esta compensación por imposibilidade de substitución.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Sabemos que estamos a falar de Enfermería e Medicina de Familia, categorías con listaxes de contratación esgotadas e das que non se poden tirar profesionais para reforzar o sistema cando este vai ao límite.

Sería oportuno non deixar pasar a oportunidade para analizar as múltiples causas que levan ao sistema sanitario actual á extenuación, para tentar resolvelas aínda que sexa a medio prazo, e por outra banda, mentres a solución non se pon en marcha, habería que falar cales deben ser as xustas compensacións ás profesionais por multiplicar as súas quedas de traballo.

Dende o BNG entendemos que é obriga da Xunta abandonar a pasividade en torno á inmensa problemática que causa levar anos sen establecer as liñas políticas adecuadas para a corrección desta problemática que se está volvendo endémica nas zonas máis deprimidas da Galiza interior.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta traballar para solucionar a falta de persoal da sanidade, nomeadamente nas categorías de Enfermeira e Médico/a de Familia, mediante a planificación adecuada, artellando no entanto un sistema de compensacións xusto?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**  
**Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 19/08/2021 09:44:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/08/2021 09:44:05**

**Daniel Castro García na data 19/08/2021 09:44:14**

**Iria Carreira Pazos na data 19/08/2021 09:44:23**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/08/2021 09:44:33**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia constituía a mediados de novembro de 2020 a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, creada segundo Decreto 105/2020, do 9 de xullo, como órgano colexiado de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma no territorio da Ribeira Sacra.

A nova comisión é un órgano de xestión transversal que reflicte o compromiso da Administración autonómica cos concellos das provincias de Lugo e Ourense que forman a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Concretamente, segundo anunciou a Xunta de Galicia, están implicadas nesta comisión sete consellarías que, no seu conxunto, están investindo 34 millóns de euros neste territorio a través dun plan específico.

Compoñen este órgano a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación; así como as consellarías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Cultura, Educación e Universidade e Medio Rural. Así mesmo, tamén están convidados a participar nesta ferramenta de xestión outros organismos e entidades locais presentes no territorio como concellos, consorcios, deputacións, asociacións e bispados, entre outros.

A xornada en que se anunciaba a constitución da comisión, o Goberno galego presentábaa como ferramenta clave na coordinación de actuacións e investimentos que permitirá o Goberno galego continuar avanzando coas máximas garantías no desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

Entre outras competencias, a comisión presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; apoiará e impulsará as liñas de acción parala protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira



Sacra; elaborará propostas vinculadas coa súa situación e potencialidades como paisaxe cultural e realizará unha avaliación periódica da situación.

A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra funcionará en Pleno, que se reunirá con carácter ordinario unha vez ao ano, e na Comisión Permanente, cuxa reunión ordinaria será, polo menos, unha vez ao semestre. No artigo 1.3 do decreto de creación da comisión aseguran que un dos seus obxectivos é ser a canle para a participación activa das comunidades locais do territorio da Ribeira Sacra. Sorprende que esta sexa a vontade real toda vez que a participación desas comunidades locais só poderá darse, con carácter ordinario, unha vez ao ano, que é cando se reúne o Pleno.

En recente comparecencia parlamentaria, o conselleiro de Cultura non dilucidou as dúbidas xurdidas en torno a esta comisión, crucial en principio para a candidatura da Ribeira Sacra, e por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cantas veces se reuniron o Pleno e a Permanente da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/08/2021 13:44:23**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/08/2021 13:44:36**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. A atención sanitaria é un deles.

O Servizo de Pediatría do Centro de Saúde da Baña dá atención a 258 nenos e nenas de entre 0 e 14 anos (datos do INE de 2019) unicamente os martes e xoves de cada semana. Este servizo leva tempo atopándose con problemas debido a que as vacacións ou días libres da facultativa non son substituídas. Neste último período vacacional a solución que deron dende a Xunta de Galicia foi desviar os menores de 3 anos ao Centro de Saúde de Negreira, mentres que os maiores de idade eran atendidos polo médico de cabeceira, no que é claramente unha disfunción do servizo xa que non é ese o profesional que debía atendelos.

Ese servizo de pediatría está compartido co concello de Mazaricos (a 18 km), que atende os luns, mércores e venres, existindo aí tamén outra disfunción xa que o máis lóxico sería facelo con Negreira (7 km), non só por proximidade senón porque se atopa xa na ruta cara ao hospital de referencia, o Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, en caso de ter que acudir a este por unha urxencia.

En resposta a isto que formulabamos en outubro do ano 2020, recibimos resposta escrita na que consideran de todo normal que un médico de familia, e non un pediatra, atenda a nenos e nenas de máis de 3 anos, poñendo en dúbida así a especialidade de pediatría e sentando diferenzas inaceptables entre menores de núcleos rurais e urbanos, que son atendidos os segundos polo especialista correspondente.

Por outra banda, o Goberno alega problemas de cupo para non establecer o de Negreira como centro de referencia de pediatría do Concello da Baña, sen valorar a problemática que pode existir no caso dunha urxencia grave no que a familia tería que desandar o camiño andado perdendo máis de media hora para chegar ao CHUS.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como pensa garantir o Goberno galego a axeitada cobertura pediátrica dos 258 nenos e nenas do concello da Baña?

Pazo do Parlamento, 18 de agosto de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/08/2021 14:06:58**

**Julio Torrado Quintela na data 18/08/2021 14:07:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez volveu ocorrer. Despois de que na primeira semana deste mes de agosto o buque galego “Manuel Laura”, con tripulación maioritaria da comarca do Morrazo, tivese que voltar do Gran sol a Vigo após detectárense varios casos de covid, é agora outro barco da mesma empresa armadora, o “Nuevo Confurco”, quen se vén de atopar nunha situación semellante e, de novo, igual de lamentábel.

O “Nuevo Confurco”, cun total de once tripulantes, cinco deles galegos do Morrazo e o resto africanos, atracou en Vigo o pasado día 12, despois de verse na obriga de interromper a súa marea no Gran sol por mor dun posíbel caso de covid a bordo. Todos estaban vacinados, agás un, o cal representa aínda un maior perigo en caso de covid a bordo, tanto para el como para o todos os demais.

Á súa chegada ao porto de Vigo tiveron que vivir a mesma incomprensíbel escena que xa sufrira o “Manuel Laura”. Quen os agardaba era un reducido perímetro de seguridade e persoal da armadora. Máis tarde, si, fixo acto de presenza o presidente da Autoridade Portuaria, mais apenas para “quitarse a foto”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No lugar non había agardando ningún persoal sanitario, ninguén do SERGAS que lles puidese facilitar algún tipo de información sobre as pautas sanitarias a seguir dende ese momento e moito menos que lles indicase cal era o protocolo sanitario establecido nestes casos.

Após o seu ataque, foron varias horas as que se demorou a presenza de sanitarios. Un dos tripulantes foi evacuado e ingresado no hospital con pneumonía e aos restantes efectuóuselles PCRs.

Agardaron o resultado das mesmas durante horas -todos xuntos nun barco de 36 metros de eslora-, que finalmente revelou tres casos positivos e, sobre as 22:00 horas. do mesmo día 12, reciben o aviso de que non se lles permite saír do barco, que lles chega non a través do persoal do SERGAS senón do persoal da empresa armadora.

Esa prohibición obrigaba nada menos que a seguir convivindo a tres persoas contaxiadas co resto da tripulación san, dentro duns espazos reducidísimos, moitos deles comúns, sen camarotes de illamento e sen poder cumprir as distancias entre eles nin tomar ningunha outra medida anti covid con garantías.

Malia a negativa da tripulación a ficar nesas condicións, que supostamente foran ordenadas polo SERGAS, tiveron que pernoctar a bordo o día 12 e non se lles permitiu saír ata o día seguinte ás 15:00 horas, despois de pasar 27 horas convivindo sans e infectados e poñendo en grave risco a súa saúde e a súa vida.

Resulta indignante e claramente temerario que a esta altura, despois de máis de ano e medio de pandemia, os profesionais do mar continúen ao albur de decisións ilóxicas e distintas en cada momento, que siga sen existir un protocolo exhaustivo







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que permita marcar os pasos exactos a dar nestes casos e que se continúe a someter aos mariñeiros a directrices que dependen do entender de persoas distintas, sanitarios ou non, en cada ocasión.

Nesas circunstancias, houbo ata tripulantes que se dirixiron por escrito ao SERGAS expoñéndolle as condicións nas que estaban e solicitándolle instrucións concretas. Aínda hoxe ese requirimento non foi respostado por ninguén.

A falla de interese e a deixadez das consellarías do Mar e de Sanidade respecto aos traballadores do mar é manifesta e despois de tanto meses as cousas seguen como ao principio: Falla de información, retrasos na atención, inexistencia de protocolos e, en definitiva, un abandono total á súa sorte.

O razoábel é que, ao igual que en terra, as persoas embarcadas dispoñan de pautas claras a seguir e de servizos sanitarios inmediatos que as asesoren con dilixencia e que, de ser necesario, lles permitan confinarse en establecementos ao efecto ou nas súas propias casas, illándoas entre si e doutras persoas ás que puidesen contaxiar. O sensato é facerlles un seguimento dende o primeiro momento e manter o contacto con eles ata a final do proceso e non seguir permitindo que cada buque, cada tripulante, cada caso sexa un “sálvese quen poida e como poida”.

As autoridades sanitarias e do Mar veñen amosando en todo este tempo unha despreocupación que roza a negligencia e que lle está a custar moi cara aos mariñeiros e ás armadoras galegas, que ao único que aspiran é a ser tratados como o resto da cidadanía e a preservar a súa saúde e o seu medio de vida.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Está disposta a Xunta de Galiza a poñer a disposición inmediata un protocolo de actuación claro e concreto a seguir en casos de covid-19 que equipare a información, os medios e as garantías sanitarias dos traballadores do mar con calquera outro traballador?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 19/08/2021 11:44:52**

**María do Carme González Iglesias na data 19/08/2021 11:45:16**

**Daniel Castro García na data 19/08/2021 11:45:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Noa Díaz Varela, Juan Carlos Francisco Rivera e Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

A entidade Abanca anunciou recentemente que o vindeiro 8 de setembro pechará a súa única sucursal no Concello de A Baña, quedando así sen o servizo bancario diario de entidade algunha.

O peche desta sucursal afectará sen dúbida a economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, na súa maioría persoas maiores, que deberá desprazarse a un concello contiguo para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

Contra esta decisión tense manifestado toda a poboación do concello así como os tres grupos políticos que conforman a corporación municipal (PSdeG, PP e Compromiso por Galicia), que acordaron por unanimidade un manifesto no que expresan o seu rexeitamento ao peche da sucursal en San Vicens da Baña pois “vai repercutir moi negativamente na calidade de vida da poboación de máis idade, maioritaria na Baña, e á que lle é imposible acceder ás novas utilidades tecnolóxicas coas que se pretende substituír o trato persoal cos empregados da sucursal”.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non



poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Pensa realizar o Goberno galego algunha xestión para evitar o peche da sucursal de Abanca no Concello de A Baña, que deixaría a súa poboación sen este servizo?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2021

Asdo.: Noa Díaz Varela  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 17/08/2021 11:53:11**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/08/2021 11:53:23**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/08/2021 11:53:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración do resultado das obras de eficiencia enerxética en edificios administrativos e xudiciais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando menos nos últimos 5 anos a Xunta de Galiza ven realizando numerosas e cuantiosas obras de reforma en edificios públicos para mellorar a eficiencia enerxética dos mesmos. Intervención que atinxen á envolvente dos edificios, actuando nos sistemas de illamento, pechamentos e fiestras, ou nos sistemas de climatización, así como na mellora da iluminación das oficinas instalando lámparas e luminarias máis eficiente conqerindo unha redución tanto na emisión de dióxido de carbono, como no consumo enerxético que pode chegar a ser máis dun 50% inferior ao sistema substituído.

Así a Xunta de Galiza computando unicamente os últimos anos licitou contratos de obras de mellora eficiencia enerxética por un importe moi superior a máis de 6 millóns de euros.

A execución das referidas obras financiadas totalmente con recursos públicos, maioritariamente con fondos Feder, atinxían a edificios administrativo da Xunta de Galiza, p.e. edificio administrativo de Vigo, Ourense, Lugo ou Pontevedra; ou a edificios xudiciais, p.e. Cambados, Santiago, A Coruña ou, sorprendentemente, no edificio xudicial de Ourense, de non moi lonxana entrada en servizo.



Sendo razoábel a realización de investimentos para mellorar a eficiencia enerxética, así como para a redución das emisións de dióxido de carbono, resulta cuestionable -á vista dos orzamentos- se as mesmas foron eficaces, toda vez que non consta descenso algún no presupostado en consumo eléctrico, gas ou combustíbeis.

Así, na táboa inferior se consignan os custes presupostados pola Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Xustiza para enerxía eléctrica, gas e combustíbeis nos últimos 4 anos podéndose apreciar a exacta identidade no importe das partidas presupuestarias

	<b>Secretaría Xeral Técnica</b>	<b>Dirección Xeral de Xustiza</b>
<b>Exercicio 2018</b>	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €
<b>Exercicio 2019</b>	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €
<b>Exercicio 2020</b>	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €
<b>Exercicio 2021</b>	E. Eléctrica. 2.583.680 €	E. Eléctrica. 1.394.140 €
	Gas.- 335.000 €	Gas.- 103.094 €
	Combustíbel.- 690.00 €	Combustíbel.- 169.483 €

A realidade anteriormente exposta permite dudar da eficacia dos investimentos públicos realizados pois ao longo do tempo podemos comprobar como non existe





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

previsión de aforro enerxético, do que se deduce que ou ben as obras non foron acaidas, ou ben o Goberno Galego carece do máis mínimo rigor orzamentario. Cuestión que, dado que estamos a tratar de recursos públicos e de cantidades non desprezáveis, cumpre de aclaración.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón tras os investimentos realizados o Goberno de Galego non contempla, nin contemplou, un eventual aforro nos custes enerxéticos derivados do funcionamento dos edificios administrativos ou xudiciais de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/08/2021 12:04:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/08/2021 12:04:04**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a eventual falla de veracidade das manifestacións realizadas polo Goberno Galego ante o Pleno do Parlamento de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión do Pleno do Parlamento de Galiza celebrada o pasado día 10 de decembro de 2020 comparaceu o Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da Covid-19, en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento.

Na última quenda de intervención, sen oportunidade de réplica ou duplica por parte dos grupos parlamentares, o sr. Conselleiro, após recoñecer que partilla co BNG o seu compromiso pola mediación familiar intraxudicial e corrixindo expresamente ás manifestacións realizadas minutos antes polo voceiro do grupo parlamentar do BNG, indica que: “Ten mal os datos..” “asinamos convenios nas sete cidades e con todos os colexios, agás Lugo...”

Como queira que as manifestacións realizadas polo sr. Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, máis unha vez, non se corresponden cos dados publicados pola Xunta de Galiza, na que no ano 2020 unicamente constan asinados dous convenios en materia de mediación familiar intraxudicial, celebrados a finais do mes de novembro, cos colexios da avogacía de Vigo e Pontevedra; xurde a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

necesidade de precisar se o Goberno Galego esta a faltar a verdade no Pleno do Parlamento de Galiza ou ben existe unha importante falta de actualización transparencia no rexistro de convenios da Xunta de Galiza non que no consta a existencia dos aludidos convenios para o desenvolvemento do programa de mediación familiar intraxudicial.

A inexistencia de tal recurso para a solución pacífica e consensuada dos conflitos familiares sería de enorme gravidade, mais non sería menor a transcendencia de que o Sr. Conselleiro, deliberada e conscientemente, faltase á verdade ante a cámara de representación da cidadanía galega.

Por estes motivos formúlase as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Faltou a verdade o Sr. Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo cando afirmou que a Xunta de Galiza xa asinara cos Colexios profesionais da Avogacía os convenios para a prestación do servizo de mediación familiar intraxudicial, ou, en caso contrario, precise a data concreta da sinatura e formalización de tales convenios para o ano 2020 con, por exemplo, os colexios de Ourense, Lugo, A Coruña ou Ferrol?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## **Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/08/2021 12:04:20**

**Iria Carreira Pazos na data 19/08/2021 12:04:24**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/08/2021 12:04:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas está a executar a obra de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense.

O día 28 de outubro de 2020 varios técnicos do Concello de Ourense realizaron visita as obras que se estaban a executar a fin de comprobar o estado e conformidade das mesmas, apreciándose a existencia de múltiples deficiencias que se puxeron en coñecemento da Xunta de Galiza, en canto titular da vía. Unha das principais estradas de acceso á cidade de Ourense.

Na referida inspección -durante a cal non se constatou a presenza de persoal da empresa encargada da execución da obra ou do control o vixilancia da mesma- detectáronse eivas e deficiencias na execución dos bordos, no recheo das gabias, nas concesión coas redes dos servizos existentes -nomeadamente no saneamento e abastecemento-, emprego de materiais distinto ao previsto no proxecto...





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Semanas despois, en reunión celebrada cos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas na propia obra, os técnicos municipais expoñen novamente as eivas detectadas, así como a existencia de danos no alumeadado pública consecuencia do singular sistema empregado para ordenación provisoria do tránsito viario.

Sen que constase contestación oficial algunha sobre os informes técnicos remitidos, así como sobre unha eventual desconformidade cos mesmos ou, no seu caso, sobre a corrección das eivas apreciadas, o día 21 de xaneiro de 2021 os técnicos municipais realizan nova visita ás obras, estando presentes o xefe de obra e o técnico da asistencia técnica. Na inspección apréciense novas eivas na calidade dos materiais empregados, na intervención nas arquetas, pozos de rexistro, redes de abastecemento... constando actuacións non autorizadas nas redes de saneamento municipais. Asemade, non se tiña constancia da resolución das deficiencias constatadas polos técnicos municipais e expostas nos informes previamente remitidos á Xunta de Galiza.

Xa que logo segundo as comprobacións realizadas polos técnicos do Concello de Ourense as obras non se están a executar conforme ao proxecto aprobado no seu día, se están a empregar materiais de distintos aos pactados, se a intervir sen autorización en infraestruturas municipais e se produciron danos non reparados no sistema de alumeadado público. Asemade as obras que supostamente permitirían a “humanización” da rúa Marcelo Macías, van implicar graves limitacións na deambulacion e no tránsito peonil das persoas con mobilidade limitada ao suprimírense os rebaixes nos bordos dos pasos de peóns, tanto na rúa Marcelo Macías, como en outras perpendiculares como a r/ Martínez Sueiro.

Alén do anterior, no Protocolo de colaboración asinado entre a Consellaría de Infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galiza e Concello de Ourense prevese a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

constitución dun Grupo de Traballo para o seguimento das obras contempladas no Protocolo, sen que, a día de hoxe, malia o avanzado da execución das obras conste a constitución do referido grupo de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou o Goberno Galego para certificar que as obras do Proxecto de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense se corresponden co contrato adxudicado?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/08/2021 12:02:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 19/08/2021 12:02:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/08/2021 12:02:39**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/08/2021 12:02:51**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a elaboración dun Plan Director para o Macizo Central de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro o lume calcinou máis de 700 hectáreas na localidade de Reborchao na Serra de San Mamede no Macizo Central galego, pondo en perigo varias vivendas, gando e mesmo a reserva forestal de A Edreira, dentro da Rede Natura 2000. Novamente foi a implicación da veciñanza, xunto cos medios de extinción empregados os que evitaron que as lapas afectaran unha superficie aínda maior.

Segundo a información divulgada polo Ministerio de Transición Ecolóxica na extinción do incendio de Rebordecho interviron seis avións anfíbios, dous avións de extinción, tres brigadas heliotransportada con dous helicóptero e outro de 4.500 l. e unha unidade móbil de análise e planificación. Pola súa banda a Xunta de Galiza informou do despregamento de 7 axentes, 22 brigadas, 10 motobombas, 2 palas, 9 helicópteros e 12 avións. Certamente existiu un amplo dispositivo de extinción que xunto coa grande implicación da veciñanza evitouse que as consecuencias directas e inmediatas dos incendios foran superiores.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O acontecido máis unha vez na zona do Macizo Central pon en evidencia a negligencia da Xunta de Galiza na adopción de medidas preventivas, tanto para evitar os incendios forestais e a súa importancia, como as consecuencias dos mesmos.

Resulta sorprendente que, nin en setembro de 2020, nin hoxe en día, o Macizo Central – un dos espazos de maior valor medio ambiental e paisaxístico- dispoña de plan director. Escasa atención e protección ao valor natural do espazo, que choca co enorme interese que provoca a explotación dos seus recursos enerxéticos.

Sorpresa, é negligencia, que é aínda maior se temos en conta que a propia Xunta de Galiza era consciente da moi alta probabilidade de que se produciran incendios no Macizo Central, considerando a posibilidade de que exista unha estratexia sistemática para queimalo.

Xa que logo se o espazo é de grande valor natural e medio ambiental, se -a xuízo do Director Xeral de Montes- existe unha moi alta probabilidade de que se produzan incendios, recoñecendo que son de difícil extinción, como é posible que non se planifiquen medidas preventivas para evitar os lumes e, no caso, reducir as consecuencias dos mesmos??

Tras a catástrofe medio ambiental do mes de setembro na dirección da Consellaría de Medio Rural recoñeceuse a necesidade de contar cun plan director para evitar os incendios forestais no Macizo Central, mais a pesares do tempo transcorrido non consta se deran pasos nese sentido.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que razón un espazo de grande valor natural, medio ambiental e paisaxístico na que é moi alta a probabilidade de incendios non conta con plan director?

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/08/2021 12:04:55**

**María González Albert na data 19/08/2021 12:05:07**

**María del Carmen Aira Díaz na data 19/08/2021 12:05:20**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/08/2021 12:05:30**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas para a conservación do patrimonio cultural inmaterial na rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estanse a executar as obras de rehabilitación arquitectónica do antigo Pazo Episcopal, hoxe Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adxudicado á empresa COPASA, en virtude de acordo de 6 de xuño de 2019 por un importe de 9.209.310 €, IVE incluído.

Dende o BNG podemos comprobar como na execución das referidas obras de rehabilitación destruíuse (por mor da inopinada “limpeza” dun muro) un “Taboeiro de Muíño” labrado en tempo inmemorial nunha das pedras do edificio do Museo Arqueolóxico.

O taboeiro de muíño é un elemento esencial dun xogo tradicional do noso patrimonio lúdico que puidera ter a súa orixe nun pasamento dos canteiros durante a construción da Catedral de Ourense. Un deses taboeiros figuraba (falamos en pasado toda vez que foi eliminado polas obras de “rehabilitación) nunha das pedras do edificio do Museo Arqueolóxico, existindo outros exemplares no interior da propia Catedral de Ourense.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O xogo do muíño, alcumado por Alfonso X como “alquerque de 9”, fica recollido no seu manuscrito do século XIII denominado Libro de Xogos. Xa que logo trátase dun importante elemento do noso patrimonio cultura inmaterial, asociados aos usos sociais, festivos e lúdicos da poboación e por iso merecente de conservación e protección, segundo mesmo a Unesco.

Este novo episodio de desleixo na execución das obras públicas, neste caso esnaquizando un elemento do noso patrimonio cultural a protexer na propia intervención pública, ven ser outra nova manifestación -ben elocuente e significativa- da nula preocupación pola conservación e coidando das expresións culturais e históricas da Galiza en xeral, e de Ourense en particular.

Como é ben coñecido Ourense é unha das cidades e provincias máis importantes de toda Europa en patrimonio histórico, etnográfico e cultural (no caso de que esta última non inclúa ás precedentes) e por estas razóns, e tamén por motivos turísticos e económicos, para que as anteriores non foran abondo, cumpre estremar as accións para a súa conservación, rehabilitación e posta en valor, máxime nun momento no que todas as manifestacións culturas, mesmo as máis tradicionais e con maior arrigo social, están sendo de constantes agresións por a principal institución local de Ourense.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto emprender a Xunta de Galiza diante da destrución de patrimonio cultural na execución das obras de rehabilitación do museo arqueolóxico de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**María González Albert**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/08/2021 12:17:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/08/2021 12:17:40**

**María González Albert na data 19/08/2021 12:17:56**

**Mercedes Queixas Zas na data 19/08/2021 12:18:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Covid-19 provocou cambios nas nosas vidas de un día para outro. Cambios na nosa forma de relacionarnos, de desfrutar do tempo libre ou no xeito de traballar. Cambios moi bruscos que esixiron da poboación unha gran capacidade de adaptación, que na súa gran maioría respondeu de modo admirábel.

Pero máis de 500 días despois do inicio da pandemia, quen non foi capaz de adaptarse á nova realidade xerada pola Covid-19 foi o propio goberno galego. En eidos nos que ten competencias, e polo tanto responsabilidades, como son Educación e a Sanidade, o goberno galego non foi quen (ou non quixo) mudar o paso.

No caso da sanidade, Galiza xa tiña importantes eivas estruturais, consecuencia directa de anos de recortes por parte dos gobernos do Partido Popular. E consecuencia directa deses recortes é a actual situación de desmantelamento da sanidade pública.

Dende o BNG levamos denunciando eses recortes en sanidade, a precaria situación do persoal sanitario, a sobreesaturación de traballo e a necesidade e investir de forma clara e contundente nun servizo público básico e innegociábel.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Se antes da Covid-19 a situación non era boa, a pandemia, o que fixo, foi facer agromar dun xeito aínda máis claro a precaria situación da sanidade pública. E dentro da sanidade pública, a atención primaria é a que máis está a sufrir a incompetencia e falta de previsión dunha consellería que fai auga por todas partes.

Un exemplo claro de todo isto é a situación que se está a vivir no centro de Saúde de Carballo.

